

# Os papiros do Medulio

A Caeira 17 de maio de 1993

D. Ramón Castromil  
Santiago de Compostela

Benquerido amigo:

Voulle contar. Máis de mil anos discutindo onde estaría o monte Medulio no que se suicidaron os galaicos e onde, por fin, Roma tomou posesión do *Finis terrae* e esta terra, que ela chamou *Gallaecia*, empezou a chapurrea-lo latín. Máis de mil anos buscando o monte coa axuda dun único dato: *que estaba á beira do Miño (Minio flumini imminentem)*. Que se era o Aloia en terras de Tui, como quería Schulten, que se o Medelo da Limia, como dicía Huerta, ou o Medelo de Barbantes, como dicía Bouza Brey, ou Castro de Rei ou as Médulas de Carucedo no Bierzo. Eu que sei. Sinaláronse tantos sitios, que a retranca galega xa dixo que era un monte con rodas.

Ninguén reparou noutro dato que ofrecen os mesmos documentos latinos: *aquel monte encorsetouno o romano cunha muralla de terra que el fixo excavando unha gavia de 22 kms. (XV milia passuum) de perímetro para que os galaicos non tivesen saída posible.*

Ninguén reparou neste dato da muralla de terra e gavia de 22 kms. Era de caixón, e pasma que ninguén o pensara antes, que, aínda que pasaron dous mil anos, nalgún sitio tiña que haber restos de tal foxo. Así que aluguei un helicóptero e cunha cámara de vídeo fixemos varias veces o curso enteiro do Miño, de Irimia á Guarda e da Guarda a Irimia, filmando os montes máis ou menos próximos que podían ter unha base con semellante moldura.

Voamos a diferentes alturas e a distintas horas do día para percibirmos ben os xogos das sombras. E por fin demos cos restos do tal foxo. Dende o aire son tan evidentes que sorprende que dende terra ninguén nunca se preguntara cal era o motivo daquela inmensa gavia e daqueles enormes magalóns, nos que hoxe van corredoiras, estradas, cortiñas nas que pacen tranquilas xuvencas, e mesmo hai piscinas de chalés. Filmamos e fotografamos a diferentes alturas o monte todo. Estudiei todo na casa. Comparei cos mapas militares modernos. Busquei toda a tradición oral relativa a aquel monte. Andeino todo a pé.

Cheguei a sabelo de memoria. Claro, o de *á beira do Miño* é un dicir.

Precisaba, con todo, algo máis cá planimetría. Precisaba algún dato que confirmase a miña interpretación daquel inmenso rego. Pero ¿onde atopa-lo fío que me permitise tirar do novelo?

Metéuseme na cabeza que alguén tivo que enterrar algo de valor antes de suicidarse e que iso, sendo galaicos, debía ser de ouro, porque foi aquí tan abundante que os romanos chamáronlle *metal galaico*. Así que merquei un detector de metais moi sensible e coa discreción que puideron volví a patealo monte. É increíble a cantos lugares, aparentemente virxes, chegou xa o papel metalizado dos paquetes de tabaco para confundilo meu detector. Por fin, despois de varios meses, o detector pitou ó pé da Peneda da Moura. Focí na dirección que marcaba o detector e atopei unha ola selada con resina. A busca non é, xa o sei, moi académica. Entrárame a mesma febre que a Schliemann en Troia; fixen, iso si, fotos e planos; sentía bate-lo corazón na caixa do peito; aquela ola, naquel lugar ben podía ter trinta quilos de torques e brazaletes de ouro coma a que apareceu en Caldas de Reis, que hoxe en parte están no Museo de Pontevedra; o detector pitaba con claridade pero sen moito volume; usando o discriminador, souben que, dende logo, o metal que había dentro

da ola non era ferro; axiña pensei que non hai palmo de terra sen dono e que eu alí era un intruso; decateime de que non estaba ben estar só naquel momento; podía vir xente, eu que sei, os donos da Peneda, e armarse moita confusión, e resultar difícil explicar; era mellor tapar todo; ir chamar polo cura, o alcalde, a Garda Civil; e levantar aquilo con día; había que protexe-la zona, día e noite; e traer un equipo de arqueólogos para unha excavación de urxencia; se cadra, non era nada; pero debía estar dono de min, porque o meu interese era só científico.

Así que, alá como puiden, tapei todo e baixei en busca de autoridades que me acompañasen. Dei o recado. Volvín correndo á Peneda. E, en vista de testemuñas cualificados, suficientes e escépticos, volvín cavar na dirección que eu xa sabía. E apareceu a ola selada con resina. E, cando a abrín, tras moitas fotos e un plano, observei dentro un pendente de ouro, envoltiño en pano de liño; a feitura do pendente era unha media lúa da que colgaba un acio de uvas, ela feita con tres cordas de fío de ouro e el con noventa boliñas finísimas. Pero o que máis avultaba era un paquete que co tempo curveara en forma de tella. Estaba envolveito con pel curtida atado con fío de liño. Cando o quixen desatar, o fío esfarelouse. Abrino e atopei dentro unha boa presa de papiros escritos do tamaño aproximado de 16 x 20 cms. A tinta escarapelaba nalgúns sitios cando se tocaba. Así que tiven que andar con tino ó move-los papiros. Non había máis nada. Ende facendo as fotos, a xente, que viñera vindo, falaba baixo, coma nun velorio, de que eu xa lles tiña pinta de saber moito, de que xa os vellos dicían que alí había un tesouro encantado. O caso é que, cando pasámo-lo detector de metais repetidamente por toda a zona e non pitou en ningures, só no pendente, e que o que había naqueles papiros, que a xente chamaba papeis, estaba escrito nalgo que non entendían, desinteresáronse. As autoridades tamén. Quedei só cunha rapaza curiosa, a ola e os papiros. Levei todo para a casa e observei que era unha estraña mestura de latín e celta que axiña me lembrou as lápidas de Donón, que descifrara don Isidoro Millán. Chamei por el e pedínlle que me botase unha man para ler uns papiros antigos que tiñan tódalas trazas de ser unha mala traducción latina dun orixinal galaico. Non tardou unha hora en petar na miña porta e aclaroume os indixenismos nos que eu tropezaba.

Agora sei que probablemente o autor era un galaico analfabeto e, paradoxo de calquera guerra, utilizou os servicios dun peixeiro romano bilingüe, que atendía por Ticio, para poñer por escrito e en latín o que el cantaba en galaico. Nalgúns momentos figúraseme que o orixinal galaico debía estar todo en verso pero o peixeiro, que se pintaba para os negocios, non debía ser fino para a traducción. Estilisticamente os fragmentos dos diferentes papiros son tan desiguais que, se dous xa parecen elaborados (10 e 16), os máis están só iniciados e algúns parecen simples notas para lembra-la idea básica e nin a frase remata. Uns están en pasado, outros en presente.

Don Ramón, ofrézolle a Vde. e ós seus viaxeiros, meus compañeiros de tantas horas, algúns dos papiros en prosa galega. É unha primicia, porque a edición científica da totalidade dos **Papyri Medullienses**, que depositarei na Biblioteca Penzol para lecer de historiadores e filólogos, aínda me vai levar un tempinho, porque inda quero buscar antes na biblioteca de Erevan a traducción armenia do capítulo perdido no que Tito Livio contou en latín o episodio do Medulio. Heino de atopar. Xa verá.

Permitinme ordenalos cun certo fío lóxico, que na realidade non teñen, e engádolle unhas pequenas notas que axuden a comprender estes textos con dous mil anos de antigüidade ou,

como diría o autor, con dous mil cucos. Sinalo con [...] os espazos ilexibles no orixinal ou porque escarapelou a tinta ou se desfixo o papiro cando os estirei.

## Papiro 1

### **- De Roma non vén cousa boa.**

*Na casa de Tannorio, o curtidor, gardábanse como ouro en pano o caxato de Brigo e as palabras con que el contara a guerra contra o Fillo rapado da Loba á par de Cartago:*

*- Meu pai Cacinio, en paz descanse<sup>2</sup>, comandou o continxente aliado con que a Gallaecia apoiara aquela revancha de Cartago contra Roma. Cartago fiaba moito nos galaicos, bisnetos daquel Brenno que lles dera un escarmento ós do Tíber<sup>3</sup>: ademais ós galaicos xa lles tomaban medo só con aquel entraren en combate aturuxando enxebramente, co pelo grande pero atado na testa con cintas ou diademas de ouro<sup>4</sup> e envolvendo o inimigo coas fillas do vento<sup>5</sup>. Aníbal era un home que pagaba a pena seguir: arteiro para cerca-lo inimigo, curioso en tódolos detalles dun exército inmenso, sacrificado coma un soldado raso. Só o sacrificio dá verdadeira autoridade -diciu el: o que arrastra é o exemplo.*

1

Refírese ó exército romano, descendente de Rómulo a quen criara unha loba. A denominación é despectiva e Ticio, o único amigo romano, reprobáballo no papiro 16; de por parte di *Fillo rapado*, porque lles chamaba a atención ós galaicos ver que os romanos levaban a cabeza rapada: eles levaban o pelo longo, homes e mulleres.

2

Literalmente di *Berobreo o descanse*. Berobreo (ou quizais *Viberobreo*) pode se-lo deus galaico do outro mundo, se sae certa a interpretación de Isidoro Millán de que as numerosas e misteriosas aras de Donón, mirando ás illas Síes, son un santuario de culto ós mortos que nelas residen. As aras de Donón están hoxe nos museos de Pontevedra e Vigo.

3

Refírese ás vitorias célticas sobre os romanos en Alia e na propia Roma (388 a.C.).

4

Confirma o que di Estrabón (3,3,7). Diademas desas consérvase algunha nos museos.

5

Alude ás velocísimas eguas atlánticas; os antigos dábanlle a esta velocidade unha explicación mítica: non as fecundaba un cabalo senón o vento. Son *eguas que monta o vento mareiro* (papiro 8) e *paren crías que duran tres cucos* (papiro 8). Delas fala Varrón (*De re rustica* 2,1,19), Plinio (*Naturalis Historia* 8,67,166), Silio Itálico (*Punica* 3,378-383) e Xustino (*Historiae Philippicae* 44,3,1). O mesmo feito tamén o localizaba a tradición grega en Creta e Capadocia.

*Eu, Brigo, fillo de Cacinio, xa nacín en Cartago pero non coñecín mellor vida. Se o primeiro Escipión se contentou co tributo de cincuenta anos de ouro, estoutro Escipión, que aquel profillara, quitóuno-los meniños, perdémo-las mulleres que afogaron nadando tralos barcos que os levaban, quitóuno-los barcos, as armas, o pan. Todo llo demos. Pero aínda quixo que as pedras sangrasen. Roma, tantas veces vencida, nunca aprenderá como se trata os vencidos. Por iso eu, agachado no faiado do Senado cartaxinés, vin por unha tella a saña latina destruindo toda a cidade, crueldades indescribíbles con cousas e humanos, e despois todo sementado de sal para que nin a herba renacesse en Cartago. E, cando este Escipión viu satisfeita a súa ansia de exterminio e se fixo o silencio naquel camposanto, que nalgún tempo fora unha das cidades máis florecentes do mundo, saín daquel faiado, case tan morto coma vivo, e busquei con desesperación unha fonte. E cando dei bebido, xurei busca-la vida na terra de meu pai. Xurei volver vivo ou morto á Fin da Terra, que el sempre chamaba a "Porta do Mar par do Niño do Sol". Xurei vivir lonxe, o máis lonxe posible, da maldade romana.*

*E os seus tataranetos recitan hoxe con fachenda as penalidades que Brigo, fillo de Cacinio, venceu para facer, con medo incluso de que o visen os paxaros, unha xangada. Nela navegou de Cartago ás Columnas de Hércules redentor pasándoas negras e vivindo da hospitalidade do mar e dos mariñeiros pobres, que nada saben da desmesura de ambición dos pobos arrogantes. En chegando ás Columnas de Hércules, sacou da xangada un pau, que lle fixo de caxato. Colleu camiño de Cartago Nova, chorou o infortunio dos inocentes ó pasar por Sagunto e, máis cara ó Septentrión, tivo novas das victorias de Numancia, arrichada coma unha carriza, e aló se encamiñou por bиду́idos e alamedas e soutos e vereas mal sabidas seguindo o camiño do Sol e das Estrelas. Deuse a coñecer en Numancia e recibírono como un amigo e un experto nos días da terceira victoria sobre o Fillo rapado da Loba. Pero foi el quen lles abriu os ollos, que agora ían penar polas victorias anteriores sobre os romanos, que oír dicir polo camiño que xa se preparaba para vir tamén contra Numancia o tal Escipión, que mal sabían eles quen era aquel bicho .*

*E arrepiáronselle as carnes ós numantinos, cando lles contou como en Cartago aquela alma atravesada non tivera dó nin das flores dos xardíns. Calaron coma o galo á vista do raposo e iso que eles non naceran no ano dos medos. E pedíronlle que quedase con eles para aprenderlles maña e resistencia. Non foi menos lenta a agonía que o lobo impuxo a Numancia, para lles apaga-los bríos ós celtíberos. Pero tamén alí sobreviviu Brigo, que en trollos peores xa se vira metido. Foi dos poucos que sobreviviron e foi o único que soubo face-lo morto coma a raposa e agardar a que Escipión marchase convencido de que nada deixaba con alento entre as cinsas de Numancia. E seguindo o camiño do Sol e das Estrelas de*

6

Numancia vencera varias veces a Roma e o Senado, ante tal afrenta, decidiu confía-lo exterminio desa vila celtíbera ó mesmo que destruíra Cartago. Pero este non atacou inmediatamente: botou meses reorganizando un exército corrupto e indisciplinado antes de ir contra Numancia.

que lle falaba seu pai chegou á terra da Fin do Mundo, Porta do Mar, par do niño do Sol, como dicía Cacinio, en paz descanse.

Na casa os meniños aprendían ós cinco anos a canta-las valentías do devanceiro Brigo, fillo de Cacinio, que empezaban así: **Eu son a dor do mundo.** Moitas veces tenxaran convencer a un comerciante grego, daqueles que chegaban ás Dúas Pontes , que llelas escribise, porque os druídas non deixaban escribir nada. Os druídas dicían que, se a xente non facía o esforzo de memorizar, esquencería as tradicións patrias. Por iso dende os cinco anos os meniños aprendían as historias de Brigo, ó mesmo tempo que aprendían a contar polos dedos, distingui-los ovos do merlo dos da torcaza, facer unhas tamanquiñas con pau de bidueira, saber para que é boa a infusión de ortigas e a de hedras e o zume do codeso e ter sempre de man a herba curacarne, a borraxa, a árnica e tamén a solda do monte para os vellos.

Por iso agora, nesta asemblea dramática, todos sabían o que ía dicir Boutia, filla de Tannorio o curtidor, tataraneta de Brigo. Viñalle de caste. Aquela xente estaba dende sempre contra calquera tipo de pacto cos romanos.

**-Os da nosa casa sentímolos vir. Primeiro pídenvo-los fillos en peñor, despois hanvos quere-las eguas, as armas, o pan, o ouro. E, cando vos deixen sen nada, reclamarán o voso sangue. Así foi en Cartago. É inútil tratar con eles. Antes mortos que romanos -dixo e ...**

**Papiro 2**

*Nérico e Avia buscaban un acordo que garantise a supervivencia física. Eles eran adoradores do salgueiro, que se inclina á treboada e sobrevive. Estaban no tempo de selo. E opoñíanse en cada asemblea ós adoradores druídicos do carballo robusto que non domea e por iso o tronza a treboada. Diredes que Nérico e Avia eran egoístas buscando fórmulas que garantisen a supervivencia dos seus meniños [...]*

*a meiga, namorada das garcetas de ouro da moza, prometéralle deixar en dote a auga máxica que troca en ouro o coiro e o ferro. Nesta situación eles defendían as virtudes do salgueiro fronte á robusta e perigosa inflexibilidade do carballo.*

**Papiro 3**

*...e que un raio do ceo [me] fenda, se eu un día me contamiño co inimigo ou lle entrego esta espada de bronce ou esta cetra de teixo .*

*E aturuxou a asemblea. E o Xefe lucía o torques de ouro, fachenda do castro, que ningún outro castro na redonda tal tiña e hoxe xa non se fan eses traballos. E seguiu a danza do soldado novo petando virilmente coas lanzas no chan e no escudo . E recibiu o agasallo ritual e os seus pais sorrían orgullosos de que o seu meniño xa era un guerreiro, disposto a ceder-la vida pero non as armas. E o irmán de sete anos miraba para el e díxolle a Adroniño fillo de Verote*

*-¡Meu irmán pódelle ó teu!*

10

*e a nai mandouno estar calado e á meniña de cuco e medio mandoulle baixa-la saia. E comeron un carneiro ó espeto e correu o viño do Anas de man en man e [ó novo guerreiro] reserváronlle as ideas e estaba sentado ese día a par de seu avó .*

**Papiro 4**

*[...] neste medio tempo os romanos seguían cavando un foxo no pé do monte que o arrodeaba todo. E, como dicían os cantos de Brigo, **cando o romano***

8

Parece final de fórmula de xuramento no momento da entrega das armas a un mozo, que entra así no mundo dos adultos. A cetra era o escudo redondo e pequeno que usaban os galaicos e que despois figurou en moedas e templos romanos. Debía haber algún vencello máxico entre a espada e o guerreiro, porque hai constancia de que moitos hispanos se suicidaron para non entregaren as armas (Livio *Ab urbe condita* 28,34; 34,17; Diodoro *Bibliothèque* 33,16; Dión Casio *fr.* 75).

9

Así os describe Silio Itálico (*Punica* 3,344-353).

10

Conta os anos por cucos, así o druída ten setenta e oito cucos.

11

O cerebro do carneiro. O *viño do Anas* (hoxe Guadiana) viña en ánforas por mar e río.

12

Os antigos comían sentados en poios por categorías e a comida pasábase de man en man.

*fai un foxo arredor de algo é coma cando o gavián voa en circo: non parará ata lle come-los figados á presa. Así o fixo en Cartago, así en Numancia, así en Astapa<sup>13</sup>, onde a xente valerosa se suicidaba e os coitados sobrevivían comendo os cadáveres.*

**Papiro 5**

14

*O druída, forte e sabio<sup>14</sup>, acolleu a proposta de Clocio, fillo de Cluto, de ir consulta-la Pena Abaladoira sobre se lanzar un novo ataque ou priva-los romanos da honra e proveito dunha victoria segura co suicidio voluntario. Abalando ou negándose a abalar, ela adiviña o futuro ou dá o mellor consello ...*

---

13

O suicidio colectivo cóntao Livio (*Ab urbe condita* 38,22).

14

Xoga aquí o poeta coa etimoloxía de *druída*, composto de *dru* "carballo" e *vid* "sabedoría".

## Papiro 6

15

*Pero Candamio , o Deus Creador, foi bo e había caza abonda. Quen cazase un coello, lebre, urogalo, cervo ou xabarín tiña dereito, como premio, a un sexto do animal cazado. Prohibíase cazar máis dun animal grande por día, e, se alguén pasaba da conta, ó outro día vedábase a caza. As nenas machicaban millo<sup>16</sup> e paínzo e cepteo e landras ben secas despois das tres fervuras e catro días de auga mudada . Os nenos andaban ós ovos e gardábanos cocidos. Os homes tiñanse que turnar na vixía dos movementos dos romanos, na corta de toda vexetación ata onde puidese chega-lo lume das máquinas romanas, que xa nos queimaran as painceiras, e na custodia da Cova Sacra que comunicaba o Sacro Río co [¿monte?...].*

*Por esa Cova Sacra, día si día non, subía berberecho, ostra, percebe, centola, ameixa, mexillón, navalla, lapa, comida de pobres, e,<sup>18</sup> cando o mar era xeneroso, robaliza, muxo, pargo, maragota, xurelo e pescada , que Ticio traía do mar, e baixaba en troco o ouro dos brazos e dos pulsos das nosas mozas e dos pescozos dos nosos guerreiros. Así foi meses e meses, ata que un día a imprudente fachenda dun parvo que lle tirou unhas espiñas e cunchas ós sachadores latinos para lles facer saber que non ían poder con nós, provocou que rastrexasen o río e fixeron recua-lo peixeiro, a quen os deuses e os romanos salvaron a vida: aqueles, porque soubo garda-lo segredo, e estes, por ser provedor de ouro galaico para Octaviano . E inda ben que se precipitaron porque, con que o seguisen río arriba, descubrirían a porta segreda da Cova Sacra. Pero naquela mesma hora ordenamos de disimular máis a cova, non foran entrar no monte pola saída de emerxencia. Alí si que quedamos pechados. As mulleres organizaron unha dieta de supervivencia con landras. Sabéndoas conservar, unha devesa coma aquela mantén ducias de familias varios meses. Nunca chegou a faltar hidromel para os druídas nin cervexa para os guerreiros. Nunca faltou o sal que as vellas sacaban da cinsa do carballo e da nogueira. Nunca faltou carne grande colgada nas pólas dos carballos<sup>20</sup> . Nunca faltou o guiso de rato nin o asado de serpe e lagarto. Nunca nos faltaron amoras,*

15

Deus equivalente ó céltico Dagda e ó latino Xúpiter. Debe de ser unha deidade celeste que ten no monte a súa morada e que se manifesta co trono e a treboada. A Dagda estaba consagrado o carballo.

16

Daquela aínda non se chamaba *millo miúdo*, coma agora, desque ese nome designou o cereal que veu da América.

17

Estrabón (*Ibidem*) di que facían pan con landras. Hai que fervelas dúas horas e logo telas a remollo catro días cambiándolle cada pouco a auga. Despois sécanse ben e, ó moelas, dan unha fariña coa que se poden facer papas ou un pan que dura moito.

18

A lista de alimentos cadra curiosamente co que os arqueólogos atoparon nos vertedeiros dos castros. Que o marisco é comida de pobres, é unha valoración que só moi recentemente se fixo sorprendente: aínda os vellos din de alguén que está moi fraco que *está mantido a ostras*.

19

Ironías da guerra: Octaviano, que dirixía esta guerra, ten privadamente traficantes que comercian co inimigo. Que non lle chame *Augusto* axuda a datar estes papiros e o acontecemento do Medulio antes do 27.a.C., que é cando o Senado lle deu ese título a Octaviano.

20

Curiosa pero eficaz forma de conservala aireada e a salvo dos cans.

*nin chicoria, nin ruibarbo, nin o tutano do feito. Nunca faltou a casca da bidueira e do salgueiro e do piñeiro . Nunca faltou a infusión de faiuco asado e moído. Nunca faltou a auga, que os vellos coidaban máis có ouro. Pero era tal a tensión que unha saraibada equinoccial que tronzou a flor das amendoeiras e das abrairas, matando a posibilidade do esperado froito, provocou unha trifulca teolóxica sobre se Candamio, Lygove, Cariocieco, Larauco, Bando, Netos, Edovio, Bermo, Berobreo e Toudádigo miran por nós ou se tanto lles temos e sobre se a nosa oración pode modifica-la vontade dos deuses, é dicir, o curso da vida, a marcha das estrelas.*

### Papiro 7

*Adalo di airado que o druída mantén a xente cega, que os deuses non se aplacan polos nosos sacrificios e que, se se aplacan, non son deuses e que de nada vale que teñámo-la imaxe de Navia metida na auga. O druída de setenta e oito cucos acusouno de blasfemia. E, así como, cando as ovellas ventan un grave perigo, axuntan tódalas cabezas e arrédanse como da peste daquelas cabras que ousan afrontar en solitario os perigos, así a asemblea condenou a opinión excéntrica de Adalo, fillo de Uretio, a dos cabelos dourados e peitos que deran criado trece fillos. Acusado de ser un boca rota, quedou só na súa crítica que antes todos parecían compartir e nada impediu xa que dese a súa vida ó coitelo sacerdotal para que Navia mandase unha chuvía que escorrentase o romano. Porque ó Fillo rapado da Loba só o adormenta o ouro e só a chuvía o escorrenta, incapaz de resistila tres días seguidos.*

### Papiro 8

*Era o tempo da primeira andoriña, cando o vento mareiro monta as máis lixeiras eguas pero o teixo dá a flor que cega os ollos para sempre e pega ese sono eterno que afrouxa a tensión dos músculos e as coitas desta vida. Era o tempo no que Bando e Navia ...*

### Papiro 9

*Mirou a nai os rizados, a boquiña fanada dos cinco anos, e os ollos cheos de ilusionciñas da súa filla e as bágoas varréronlle a vista pensando nas poucas horas que quedaban de luz a aqueles olliños que nunca mal viran e matinou en que non chegarían a saí-los dentes novos que xa purraban e pensou que ía saír certo o mal agoiro con que nos últimos anos nacían tódolos meniños dos castros da*

---

21

Sorprende, pero é certo, que a parte interior da casca é comestible e a do piñeiro é rica en vitamina C. Isto demostra que non se suicidaron por non poder senón por non querer seguir vivindo. Sobrevivir nun monte asediado é máis doado que nunha cidade asediada coma Numancia ou Astapa.

22

Deuses galaicos; os tres primeiros identificanse nas súas funcións con Xúpiter, Mercurio e Marte respectivamente no mundo romano e ós que despois da conquista aparecen asocidos no culto como *Iuppiter Candamius*, *Marte Cariocieco*. Co Candamio debe de estar relacionado o *Candán*; con Cariocieco, os topónimos *Queiruga*, *Quiroga*; con Bando, *Bando* e *Bande*, e poida que con Netos, *Neda*. Edovio é o deus subterráneo que quenta as augas das Burgas. Toudádigo é o protector da tribo, o Tutatis dos galos.

*redonda: cando, ó naceren, os metían na Fonte Berradoira, non berraban; e iso era que tiñan vida para pouco tempo. Era visto que chegara o final para o pobo enteiro, cando tal pasaba con tantísimos meniños.*

#### **Papiro 10**

*Chegaron os vixías e dixeron que os romanos, ameazando con máis lume nas nosas devesas, levaran pola noite vinte eguas, das que empreñan do aire e paren crías que viven tres cucos; e que levaran a mais dúas mozas do castro de Avobriga; e que estes piden á Asemblea que se ataque en tempo; e que o Fillo rapado da Loba cavaba sen descanso un rego grande coma un río; e que, sen reverencia ás almiñas, xa cortaran os camiños onde empeza a <sup>23</sup>Costa do Lodeiro e tamén na do Vendaval. Estando eles nestas falas, eu erguinme e inicié a cántiga do camiño, e todos corearon a estrofa final con santa indignación.*

***Este universo é obra dun Deus;  
pero os camiños son dos meus avós.  
Meu camiñante, andar é sagrado:  
pisas e bícate quen xa morreu.***

***En cada treito alentan almiñas  
que traballaron pensando en nós,  
que o asentaron con moito esforzo,  
ou que o abriron pasando por el.***

***Sinte o cariño nas plantas dos pés.  
Porque as almiñas deixáronche amantes,  
pra alumearen a noite en que vives,  
vida, palabra, vieiros e fe.***

***Meu camiñante, vivir é misterio.  
Anda e terás liberdade e luz.  
Anda, camiña, escoita o silencio:  
montes e vales xa falan pra ti***

*Anda, camiña, respira coa Terra.  
Ti es consorte do Sol, da andoriña.  
¿Que hai detrás do misterio da vida?  
Non hai resposta mellor có solpor.*

*Tralo ronsel que deixaba o Sol,  
paso a pasiño veu vindo a xente;  
crente ou curiosa, chegou a esta ter<sub>24</sub>a,  
Porta do Mar, par do Niño do Sol .*

*Africa, Troia, o Rhin, o Danubio  
viñeron mirar se o Sol non morría.  
Dorme tranquilo, arrólao o ma<sub>25</sub>;:  
este é o ouro das nosas mazás .*

*"Dorme, non morre " - volveron cantando -  
"nós durmiremos, se somos coma el  
limpos e xustos, brillantes, audaces.  
Nunca pra nós será triste o solpor".*

26

*¡Loba romana, outro ouro buscabas!  
E un metal o que enfeita o teu corpo.  
A poesía é adorno da alma.  
Só para ti foi un chasco chegar.*

*¡Mala cegueira a quen cegue os camiños!  
¡Que un mal agoiro lle boure no coiro!  
¡Ende morrendo, que lobos o coman!  
¡Nunca el chegue ó Niño do Sol!*

## Papiro 11

27

*...sesión [¿da Asemblea?] foi de folla do acivro . Tódalas forzas do ben e do mal estaban desatadas e as palabras que dicían eran suaves de elocuencia pero no final levaban un ferrete que fería coma os pinchos do acivro, coma se uns ou outros, e non a ambición romana, fosen a causa de tanta discordia. Ata que se ergueu o druída de setenta e oito cucos e falou así:*

24

O poeta denomina a súa terra co mesmo nome que Brigo no papiro 1 (*Porta do mar, par do Niño do Sol*), cousa que contrasta cos nomes de *Gallaecia* e maiormente co de *Finis terrae* que lle deron os romanos.

25

Supoño que alude ó mito de que no Extremo Occidente (*Hespérides*) incluso as maceiras daban mazás de ouro. As mazás de ouro do Xardín das Hespérides simbolizan na mitoloxía clásica ese imán que atrae cara ó Solpor a todo home *occidental*: iso que séculos de cristianismo traduciron por *Camiño de Santiago* (ou de *Teixido*). ¿Morre o sol no mar ou dorme no seu niño?, quero dicir ¿hai algo máis alá da tarde, do mar, da vida?

26

O poeta presenta a invasión romana menos como un acto de barbarie militar que como resultado dunha lectura literal e indocta do mito das mazás de ouro. O romano pensa que esta terra é un *Eldorado* e está disposto a calquera violencia para conquerila. A barbarie romana é a súa incapacidade de comprende-lo carácter espiritual dese ouro. Barbarie intelectual, antes que militar: mentres o romano adorna o corpo con ouro metálico, o poeta ve o camiñante (¿e tamén o pobo depositario das mazás de ouro?) enfeitando a alma con poesía.

27

Supoño que se trata dun modismo metafórico galaico alusivo á forma e ó fondo das distintas intervencións.

28

**- ¿E logo, seique xa vos esqueceu a brutalidade galbana? ¿Ou é que xa non vos acorda que Toudádigo nos mandou nos días de laceira unha victoria sobre dúas baleas grandes coma illas que nos deron festa para un ano enteiro? ¿Non vivimos xuntos días de gloria por mar e por terra? ¿Con que fe esperáde-lo regreso dos nosos mellores mariñeiros que xa deben de estar a chegar das Terras Frías cos irmáns céltigos para lle partiren as patas traseiras ó lobo que só adormece co ouro?**

## Papiro 12

[...] *que vira [entre os romanos] casas cubertas de pedras feitas de barro cocido, nas que o lume non pode prender como prende nas nosas colmadas con palla centea. E que eran mellores as casas esquinadas e os leitos de madeira e a auga encanada ata a casa, e que probara un saborido pantrigo e que cociñaban co froito da oliveira e non con graxa de porco e que o viño era entre eles máis fino. E que tiñan modernas máquinas de guerra. E que era mellor ser rabo de gato que cabeza de rato. E a cada cousa que dicía enfurecíanse os druídas e acusábano de mal fillo, de amigo de novidades, e dicían:*

**-Ti falas así porque fuches infiel á túa familia no corpo dunha romana e es infiel ó teu pobo, que deixaches que as silvas cegasen os camiños da túa horta e despois cobizáche-las hortas alleas, que por algo che puxeron o alcume de Cambiamarcos. ¡Hanche chegar sete cuartas de terra!**

*E arrenegaban ós que lle desen creto. E Brito non tivo boca para negar. Ergueuse o vello Cotto pedindo que ninguén se deixase levar do xenio e xurou polo Carballo Candamio que non diría mal de Brito sen ter certezas, que non é xusto facer a ninguén máis malo do que é para destruílo, pero si replicaba que nunca foi de fiar a amizade do rato co gato nin do peixe pequeno co grande, e que, aínda que era certo que os romanos tiñan certos adiantos técnicos dos que nós carecemos, era tamén certo que nós os superamos en moitas cousas. E rematou así:*

**-¿Ou non é certo que os soldados que penan cavando aí en baixo, na barcia, ofrécenvos moedas de prata por unha ducia de ovos ou unha perna dos carneiros que pacen neste monte? É certo que usan aceite e vinagre pero ¿para**

28

Debe aludir á perfidia do pretor Serxio Galba que no 149 a. C. convocou os lusitanos para unha suposta negociación de paz. Estes acudiron á boafé e cando estaban reunidos, apareceron patrullas militares que mataron sen piedade milleiros de persoas e prenderon e venderon outros moitos. Algúns romanos tiveron vergoña das súas artes militares; houbo un turbulento proceso en Roma e Catón defendeu os lusitanos pero Galba saíu absolto, os vendidos non se restituíron e, iso si, creouse unha comisión contra os abusos dos pretores (Orosio *Historiarum adversum paganos* 4,21,10; Valerio Maximo *Factorum et dictorum memorabilium* l. 9,6,2; Livio *per.* 49).

29

Probable alusión a unha expedición á Celtia británica e gala (*Terras Frías*) na procura de axuda militar, da que nada se sabe.

30

*Partirille as patas traseiras ó lobo* debe de ser atacar polas costas ó exército asediante, ó que, por se-lo romano, chámalle *lobo* e, outras veces, *Fillo rapado da Loba* (que criou a Rómulo). *Que só adormece co ouro* debe aludir á ambición que está na base de todo imperialismo. Xa o dixo no papiro 7; de feito no 17 di que os irmáns das Terras Frías traían ouro para mercarlle ó asediante a liberdade dos asediados.

31

*que? para condimenta-lo seu único alimento: papas, allo e cebola . ¿Como demo vou admirar un pobo tan mal mantido e con tan mal alento?*

*Todos escacharon a rir con aquel quite e a asemblea ...*

**Papiro 13**

*Así como o toxo, non sendo arnal e colléndoo de baixo para riba, non se espeta, así as duras palabras de Clouta, ben meditadas, non tiñan por que provoca-la ira de Cambavio, fillo de Coral, que houbo de [...] Peor foi a rabecha de Boutia cando oíu que citaba o santo nome de Brigo para dicir que sobrevivira con maña, non facéndose o valente e mercándolle a carne ó lobo [...].*

*E oubeaban os cans sinalándonos co seu rabo inqueda e dicía a xente que había un estraño cheiro a cera en todo o monte.*

**Papiro 14**

*¿Morrerei sen vires do mar maior, amigo?  
¿[...] sen saber se morro ben, amado?  
É o ben que ela ten.*

**Papiro 15**

*E as mozas traían o ouro dos seus brazos, testemuña de profundas emocións. E os guerreiros traían elmos e torques, fedatarios de heroísmos nacionais. E os druídas traían ouro relixioso, signo de gratitudes sen medida. Nunca tanto ouro xunto viran os homes nin os deuses e cada peza tiña a súa historia. E todo se distribuía entre as duascenas naves para ir adormenta-lo lobo romano e libera-lo irmán galaico. Vale máis un irmán libre có ouro todo do mundo*

**Papiro 16**

*E colléronse pola man todos formando unha inmensa serpe naquela devesa. E a serpe empezou a moverse detrás de Nantia, a mellor danzante<sup>33</sup> ó compás da gaita. E a primeira danzante, miña amiga, tomou figura de dríada e seguían detrás trinta parellas de mozos, cos seus adobíos de matrimonio, que non querían morrer solteiros. E a serpe humana, que seguía a compás da gaita, ía formando unha espiral centrípeta, coma a morte, que cada vez tiña menos carballos no seu interior. E danzaban os vellos. E danzaban as vellas. E danzaban*

31

Datos moi precisos que axudan a datar estes papiros nos derradeiros anos antes de Cristo, porque só en épocas posteriores, co exército xa asentado, se enriqueceu a dieta do soldado romano con outros vexetais e algún ovo e só trescentos anos máis tarde terá dereito o soldado a alternar dous días seguidos carneiro cun de touciño. Polo que se ve, xa daquela a cociña galaica era máis rica en proteínas animais cá cociña mediterránea do exército romano.

32

Parece aludir a unha colecta de ouro, incluso dos tesouros relixiosos, feita nas *Terras Frías* (celtas galos e británicos) para acudirilles ós irmáns galaicos. Nada se sabe dela.

33

Fada das carballeiras.

os pais. E danzaban os fillos. E danzaban netos e bisnetos e amigos e veciños e sobriños e curmáns. E eran xa cinco as espiras. E na man levaban un ramalletiño de teixo e chores ventureiras atado a unha vara de abelaira cun fío rubio. E nun peto levaban terra nai que ían botando ós poucos sobre a cabeza dos que máis querían para que ela os cubrise dos gaviáns e dos voitres, cando a forza liberadora do teixo chegase ó cerebro e pousase os seus corpos inertes no final da danza para sempre. E ía a serpe humana achegándose ó Carballo Candamio, eixe do mundo, centro daquela devesa sacra, nove veces centenario, forza robusta daquel pobo, que en tempos dera sombra ó redentor Heracles, que perseguía a Xerión o cruel para matalo na Punta Artabra<sup>34</sup>, e que fora testemuña de tantos casamentos, tantos contratos, tantas promesas, tantos xuramentos, que daba unhas landras saboridas no equinoccio e protectoras o ano enteiro. Ningún galaico carecía dunha landra do Carballo Candamio e tódalas casas tiñan unha, e unha tódalas dornas, e tódolos cabalos na brida unha, e unha na bolsiña preto do corazón tódolos humanos. E era o máispreciado regalo que calquera moza podía recibir do seu amado cando tiña que marchar a terras de lonxe ou cando tiña que vogar no mar aventurado. E todos danzaban resumindo en cada mirada canto xuntos viviran e choraban lembrando que aquela era a danza derradeira. E seguía a danza ó compás da miña gaita e xa eran doce espiras e Nantia, a primeira danzante, miña amiga, inclinouse ante o Carballo Candamio, eixe do Universo, nove veces centenario, fachenda desta terra, e ofrendoulle o ramalletiño de teixo e chores ventureiras, azuis e marelas, que levaba na man, atado a unha vara de abelaira con fío rubio e colleu un ramiño de teixo e púxoo entre os beizos rubios, quitou un dos seus pendentes de ouro, de feitura de media lúa e acio de uva, coma unha ría de amor nocturno, e (¡que Berobreo a abenzoe!) prendeuno na miña orella e iniciou a espiral centrífuga coma a resurrección e a súa cara virouse feliz coma unha mañá de sol despois dunha arrepiante treboada. E tiveron vergoña do circo que trazara en volta de min con disimulo. E as espiras centrífugas coma a vida nova deslizábanse en senso contrario ás centrípetas da vida vella<sup>35</sup>. E os novos casados traían na espira centrífuga a coroa de follas de carballo. E os danzantes centrífugos levan un ramiño de teixo nos beizos, e os soldados dúas puntas de frecha tamén de pau de teixo; e todos, pétalos de flores espaxados pola cabeza e os fortes ombreiros. E dicíanlle ó pasar ós que aínda danzaban centrípetos:

**¡A morte évos un instante! A cadea non rompe na outra vida. Morremos xuntos e xuntos resucitamos. O Fillo rapado da Loba non pode con nós.**

*E eles danzaban con esperanza, avanzando coma a cobra que se ispe da camisa, segura de que vivirá cunha pel nova e lustrosa. E os ollos dicían a felicidade do alén inminente. E xa empezaba a traballa-la forza liberadora do*

34

Xerión tiranizou esta terra ata que Hércules o matou e o enterrou e enriba del construíu un faro. A *Punta Artabra* vén sendo obviamente A Coruña. E por iso o emblema da Coruña é a Torre de Hércules coa caveira e ósos de Xerión debaixo. Nova proba da relación desta terra con navegantes gregos da época arcaica.

35

Esta danza, aínda relixiosa, está viva en Caritel e danzárona o 12.9.1992 máis de catro mil almas na Carballeira das Ermitas. Está tamén viva en diferentes países celtas e quedou escrita en varios petroglifos.

*teixo. E os puntos de Nantia, a primeira danzante, miña amiga, volvíanse pousóns e xa arrastraba os pés sen flexibilidade. ¡Nunca tal lle vira facer! E camiñaban todos cara á morte a compás, contentes de liberaren as fillas e as irmás da prostitución en Roma, e os fillos de morreren devorados polos leóns no circo, e as almas da impiedade de que cultos alleos son superiores e os meniños de morreren afogados nas minas de ouro. E cantaban:*

***-¡Maldita fame de ouro!  
Bendito teixo que nos libera do mal.  
¡Benía sexan os teixidos!  
A eles vaíamos ou de mortos ou de vivos.***

*Só os meniños camiñaban alleos á decisión adulta, botándolle-la lingua fóra uns ós outros a ver quen a tiña máis longa: eran, fóra a alma, coma carneiriños que levan a rapar. E, cando a espiral centrífuga da resurrección chegaba á duodécima espira, poucos eran xa os que aínda non se liberaran da posibilidade de seren vítimas da crueldade romana. E os vivos collían os mortos e depositábanos no inmenso foxo onde o lume, orixe da vida, os devolvía á verdadeira vida, aló onde as forzas do mal non dan chegado. Alí houbo que ver, porque algunhas nais rebeláronse, e choraban os meniños vendo morre-los seus pais, eles tamén, criaturiñas, coas alentadas derradeiras desta vida. E laiábanse así:*

***-¡Nadar, nadar, e agora afogar ! ¡Seica nos pillou unha mala fada!***

*E renovouse a prédica druídica, tentando convencer aquelas mulleres que non estaban nada aleutas porque se vían atrapadas nunha decisión que non compartían. Fai máis caso un porco que levas para a feira que aquelas mulleres sen fe na consigna; a escolta sacerdotal tentaba domealas ora con palabras patrióticas, ora ofrecéndolles nova dose de beberaxe. E, cando tentaron fuxir cara á Cova Sacra que leva ó río co gallo de atacareñ o latino polas costas, o teixo fixo o seu efecto e morreron na idade do salgueiro<sup>36</sup>. Ese foi o instante no que ninguén reparou en que eu, a quen, por gaiteiro, correspondía o honor de bebe-lo último, non enviei a beberaxe senón que deixei que esvarase cara ó fol a través do punteiro e xa fixera no chan cun pau o circo máxico arredor de min e, por todo iso, quedei para contalo, coa axuda de Ticio, que empezara sendo cliente das centolas nosas cando nosas eran as rías, que nos acabou vendendo peixe porque perdémolo mar, pero que nunca quixo lixa-las súas mans nos pecados militares da súa nación latina. E é boa lástima que, así como Ticio ten unhas letras para reproducilas miñas palabras, non teña outras para reproducilo meu canto e os picados triples desta grileira que adormentou para sempre o meu pobo e axudouno a cambiar de vida, como cambia de camisa a cobra no mes da sega, naquel Monte ó pé do Carballo Candamio, eixe do Universo, nove veces centenario, como dicían os druídas.*

---

*Idade do salgueiro* debe ser esa idade meridiana na que o desencanto se vai apoderando do home e un tende a ser flexible, relativista, agnóstico. Cae despois da fe xuvenil, radical en todo, e antes da fe senil, fe en poucas cousas pero moi firme. Pero nótese que antes no papiro 2 contrapuxo os *adoradores do salgueiro* (favorables a unha rendición negociada) ós *adoradores do carballo* (decididos a morrer antes que renderse).

## Papiro 17

*E dicía o druída que, en morrendo, viría pola ría un boi que nos recollería e nos levaría ata as illas dos deuses, ata a Porta do Inferno, e chegaríamos, por fin, ó niño do Sol, pero que ninguén daría as bogueadas ata que a marea iniciase o debalo. E que Berobreo había mirar por nós . E que el xa deixara todo o noso ouro ben enterrado e que por riba puxera ben pezoña . Eu dou fe de que o meu pobo viviu. Dou fe do que vin e vivín e arreneo a quen afirme que foi superior o romano en algo máis que en ser mala alma. E Ticio, a quen eu subín pola Cova Sacra para que vise a desfeita e cheirase o fume dos corpos, cadra conforme. Na Costa da Morte o mar misterioso custodia as duascenas naves que traían a solidariedade do irmán das Terras Frías con armas para vencer ou ouro para mercarlle ó lobo a nosa liberdade. E Ticio di que hai romanos de romanos e que non está ben que falemos mal da Loba romana, porque ela foi boa e ruín foi Rómulo . Pero Aquel ó que ninguén lle sabe o nome (¡benía sexa El!) virá, volverá, restaurará a variedade, sendo El mesmo vario . Ninguén dará acabado coa variedade, raíz do Universo: levámola nos dedos e na fala, e no clima e na idade e nas flores e nos gustos e nas plantas e nos soles. Tamén as cousas queren ter mil nomes. Quen queira acabar con algo, fai o parvo. Porque El virá, volverá, restaurará a variedade. Reprimirá os que cobizan o alleo, os que enlodan a auga do río no que bebo, os que ós nomes das cousas poñen freo.*

*É triste ter que deixa-la patria e non poder levar máis cá memoria. Pouca cousa é un home, para garda-la memoria dun pobo. Eu son a memoria do meu pobo toda. Eu son o seu derradeiro soldado. Eu son un soldado desarmado, porque me entrego á boa fe de Ticio que escribe na lingua del. Xa non queda máis espada galaica ca estes papiros metidos neste atado que agora vou enterrar. Con eles meterei o que máis move o meu corazón: o pendente de ouro de Nantia, a*

37

Aínda hoxe está viva a crenza en Poio e a illa sería a de Ons, onde os mariñeiros evitan a Porta do Inferno. Un curso de auga separa esta vida da outra en moitas culturas: pénsese na barca de Caronte. *As illas dos deuses* era antigamente o nome do conxunto das illas galegas. Véxase a nota 2.

38

Centos de lugares en Galicia gardan a tradición de que os *mouros* deixaron enterrados os seus tesouros, coa esperanza de volver, e que, para protexelos, deles puxéronlles enriba serpes encantadas e deles olas ou trabes de alquitrán e de veneno, que provocarán gran mortandade en toda a redonda se alguén tentare chegar a eles. Dos tesouros encantados fala *O libro de San Cipriano* e algúns, por certo, apareceron e están hoxe nos museos (Pontevedra, Lugo). Outros, coma este, nunca se atoparán.

39

Alude a que neste texto sempre se lle chama ós romanos *fillos da loba* despectivamente. A loba alimentou os meniños, Rómulo e Remo, ata que os recolleu un pastor: logo ten razón, ela foi boa. Pero Rómulo, cando estaban fundando Roma, matou a seu irmán por ambición política.

40

Enigmáticas palabras, que, por unha banda, evocan antigas tradicións célticas presentes na lenda do rei Artur, detectadas polo olfato poético de Cabanillas, e, por outra, evocan a Trindade (Deus é trino, vario, trisquel) ese elemento crucial da teoloxía cristiá, non sempre comprendido poque témo-la lideira de facer del un problema matemático e non unha afirmación ecolóxica e democrática, xa que, sendo Deus mesmo polimorfo (pai, fillo e espírito) a variedade natural que observamos no Universo (e mesmo nas teclas do piano, don Ramón) queda definida como partícipe da natureza divina e, polo tanto, divinizada. Afirmación que, colocada no contexto dun xenocidio, acada toda a súa significación política.

*mellor danzante, miña amiga. Farei dúas mil veces o esconxuro protector, para que en dous mil cucos ninguén lle toque e o Fillo rapado da Loba morra tamén sen ser dono da nosa Memoria.*

*Sei ben que marcharei deste mundo comq<sub>41</sub>un can, só, sen patria nin pobo nin porqué. Pero, Ti de quen non sabémo-lo nome , fai que isto o atope quen teña entrañas e lle dea un xeito e diga o que aquí se pasou, como o meu pobo subiu a un monte para morrer máis preto do ceo. Ende non, fíreo co teu raio. E<sub>42</sub>se fas que eu atope as andoriñas negras que foron e non deron volvido en tempo , tornaremos, poucos ou moitos, ó eido noso, aprenderemos a escribi-la nosa lingua, desenterrarémo-lo tesouro e rematarémo-lo Himno da Memoria, espada temible do noso pobo para quen o escoita e para quen o canta. E estas cousas que aquí deixo, ovellas e peixes e camiños e carballos e ríos e cabalos e montes e fontes, recuperarán a alegría de oíren outra vez o seu verdadeiro nome na lingua verdadeira desta terra. Connosco virá El, o que ninguén sabe como lle chaman. E gobernará cadaquén a súa aira sen medo nin cobiza.*

---

Como ve, don Ramón, non hai fantasía nestes papiros. O autor, un gaitero cantor, oficio hoxe extinto, pretendía tecer, como un Homero galaico, o poema épico nacional, pero quedou en notario de catro feitos e morreu frustrado.

Se eu for poeta non atopaba así a ola, que por algo estaba ó pé da Peneda da Moura. Atopaba un bastón e, máis enterrado, un cabo dun adibal de seda. E era cousa de encantamento con tódolos requisitos. E primeiro íame confesar. E descubría o bastón e con el dáballe un pau ó adibal. E nos ollos de todos lía que me tomaran por tolo, porque esperaban de min feitos máis asentés. E eu dáballe o segundo pau e dicía que arredasen todos cinco metros. E algúns pensaban que parveara de vez e querían tirar polo cabo do adibal e eu berraba con eles e, por fin, dáballe o terceiro pau, e no instante volvíase unha inmensa e agresiva serpe. Alí si que collían medo e os máis fuxían non cinco metros, senón cincuenta veces cinco. E non era para menos. E eu lembraba o ritual

***O que de aquí te ha sacar  
tres bicos na boca che ha dar.***

E eu, que teño oído a moitas vellas falar de tesouros encantados, non tiña gran medo, que o peor medo é non sabe-lo que vai pasar despois. E, facendo de tripas corazón, iso si, deixaba que a serpe rubira por min arriba, cuspíalle na boca e, ó cuspirlle tres veces, a serpe dábase por morta. E, ó mirar arredor, estaba só. Nin cura, nin xente, nin Garda, nin alcalde. Só unha rapaza con moito medo pero con máis curiosidade.

Se eu for poeta, facía que o gaitero fose tocar e cantar a Donón, ás portas das Sies e de Ons. E, así como Orfeo lle foi tocar e cantar ás portas do outro mundo a Hades e Perséfone

---

41

Forma de denominar un Deus supremo que aparece en moitas culturas, incluída a bíblica.

42

*Andoriñas negras* deben de se-los emisarios que os galaicos mandaron na procura de axuda á Lusitania e á Celtiberia (as andoriñas veñen do Sur) e que, estando xa baixo administración romana, non deberon entender nada do que aínda pasaba no Medulio.

e estes deixáronlle traer de volta a Eurídice, así este fistor había volver das illas con Nantia, a primeira danzante, e danzaba a danza da nova primavera e con ela danzaban tódolos animais da devesa. E el devolvíalle o pendente da media lúa e acio das noventa uvas, coma unha ría de amor.

Se eu for poeta, a Pena Abaladoira convocábao a dirixir un grupo de fuxidos, que, mal de seu grado, acababa levando ó mar na incerta procura dunha nova patria máis aló da Fin do Mundo e, despois de moitas penalidades, arribaban ó Caribe, onde se mestizaban esperando o relevo de Bolívar de Elviña, Fidel de Láncara e Alfonsín de Ribadumia. E eu seguía a pista das dúas mozas do castro de Avóbriga (papiro 10), que, por certo, contra o que parecía temerse, acababa tendo o seu aquel, porque, sendo todas e dúas meigas, tales mañas usaban en Roma que poñían o Imperio Romano enteiro en camiño de Santiago.

Pero nin son poeta nin lle teño peito para estribillar no texto, non me vaia feri-lo raio de Candamio, segundo ameaza o derradeiro papiro, que con estas cousas non se pode enredar. Aquí non hai fantasía, don Ramón, aquí o que hai é un bardo impresionado pola altura moral e a desventura política do seu pobo. De primeiras parece un bardo escéptico, que non cre no que canta, coma se for un bardo á forza, a forza das circunstancias. Véntase que estaba *na idade do salgueiro*, coma Nérico e Avia e Brito o Cambiamarcos e Clouta e poida que Adalo; tiña poucas certezas e por iso era capaz de ver que *hai romanos de romanos* e de poñerlle unha vela a Deus e outra ó Demo facendo coma quen que bebe a pezoña patriótica e trazando no chan o circo máxico para que non o enrole aquela Santa Compañía. O caso é ir indo. Pero trala hecatombe aparece transformado, coma Eneas despois de baixar ó Averno, e sábese *o derradeiro soldado do seu pobo*, por ser poeta e por ser *A Memoria*, arma temible para quen a canta e para quen a escoita. Por esta fe constituínte, que agora lle entra, muda a prohibición druídica de escribir en obriga nacional de escribir, para conseguilo obxectivo druídico e coa axuda dun romano. ¡Que relativo é todo! Se os galaicos morreron ¿que sangue levamos nós, don Ramón? ¿Ve por que non me atrevo a fedellar no texto orixinal?

O gaiteiro, que dá os nomes de Brigo, Cacinio, Avia, Nantia, Tannorio, Cotto, Brito o Cambiamarcos e tantos outros homes e deuses, non nos di cal é a súa gracia nin como sobreviviu ó asedio. Verosimilmente fuxiu cara ó río con Ticio pola Cova Sacra coa esperanza de volver.

Don Isidoro e mais eu mollámo-la palabra cun *Terras Gauda* para celebra-la invención daqueles papiros que eran a proba palpable dunha épica galaica perdida que enlazaba coa Grecia arcaica e que, polo tanto, dan nova verosimilitude tanto ás tradicións de Teucro en Pontevedra, Tideo en Tui e Hércules na Coruña e en Lugo, coma á predicación de Santiago a mariñeiros ou comerciantes gregos na ría de Arousa; que confirman o santuario de Donón, ás portas das illas dos defuntiños xa deuses; que insinúan o camiño de Teixido; que gardan o eco da política internacional galaica aliándose con Aníbal contra Roma; que nos fan intuí-las tensións que envolveron aquel suicidio colectivo; que nos falan da axuda que non chegou en tempo dos países célticos (aquí chamados *Terras Frías*), da insolidariedade dos irmáns do Sur xa montados no Imperio, e dun tesouro perdido na Costa da Morte moito maior có tesouro de Rande.

Vostede é amigo da pesca submarina, así que ten camiño franco no mar. Saúdeme a Pepiña, saúdeme os seus irmáns e boa viaxe ós seus viaxeiros, meus compañeiros.

## PAPIROS ENCONTRADOS E TRADUCIDOS CON POSTERIORIDADE

43

### Papiro 18

*E os vellos e as vellas aprendíanlle ós netiños os Vinteito Cantos da Sabedoría, os cantos de a 539 versos, que compría saber para cantar nas festas segundo a noite en que caese a festa, porque cada noite ten o seu canto. Ninguén pode tirar unha palabra dos Vinteito Cantos da Sabedoría; son de palabra sabia, medida e colorida e por iso é fixa, canónica, inmutable. Os vellos alteran por picardía de cando en cando o verso ou o ritmo, que está aí para axuda-la memoria, por ver se os meniños se decatan; e, cando as criaturas protestan dicindo ¡así non é!, quedan satisfeitos, porque ven que xa lles vai quedando na cabeza a boa doutrina.*

*Hai un que os meniños sabían mellor e querían repetir sempre. Aquel que uns coñecían como **O canto de Fulano** e outros denominábano polos versos con que empeza:*

***Morre quen perde a memoria e o nome.***

***Mata quen cala cando hai que falar.***

***Ó boi bravo trócanlle a terra e vírase manso.***

*Era o canto vinteito<sup>44</sup>, o canto do Fulano, aquel que matara un home e fuxira inmediatamente sen recoñecer siquera quen era o que matara. A vista daquel corpo que deitaba sangue, o arrepió dunha vida que se lle apagaba na man e a sabia lei dos druídas foron máis fortes có sentimento do honor pola noble acción. A lei druídica couta o noso natural, amigo de liortas e obriga a poñe-la casa e os bens á disposición da familia do defunto e garantirlle por sempre pan, mel, herbas curadoiras e servilos en todo como un substituto do defunto. Pero non foi o medo ó futuro senón o horror á memoria daquel momento o que o impulsou a fuxir sen pensar; foi instinto. Só quería borrar aquel momento da súa vida e aquela imaxe da súa memoria, ir a onde nada lle lembrase aquel instante, convencerse de que nunca existiu.*

*Os pensamentos non son bos de borrar. E el andaba, andaba, sempre lonxe de colmado que fumegase e de can que ladrarse. Lonxe de todos e de todo. Quería esquencer. Botouse a montes ermos e afixose a vivir coa raposa e co lobo. Pero non é doado vivir fuxido nin sabe calquera sobrevivir agachado comendo o*

43

Este e os papiros que seguen foron descubertos e traducidos con posterioridade ós 17 primeiros.

<sup>44</sup> O protagonista regresa a unha cidade que se chama *Vila dos Dous Mares*, da que máis en diante se di que os romanos queren chamarlle *Faro*. O regreso a unha cidade baixo control romano e na que parte dos indíxenas se están romanizando son indicios que permiten data-la redacción do tal canto 28, a que alude este papiro, contra a década dos cincuenta antes de Cristo.

45

Que os indíxenas eran liorteiros está documentado e explica que non soubesen erguer unha oposición coordinada á invasión romana. Igual aconteceu cos celtas das Illas Británicas. Os druídas, impondo graves indemnizacións a prol dos feridos e dos mortos, tentaban reprimir as liortas entre membros dun mesmo pobo. Loxicamente as indemnizacións eran onerosas en caso de morte e explican que o protagonista fuxa por carecer de medios económicos e non ter familia (máis en diante dirase que xa lle morrera a nai).

que coma calquera animal. Chegou a comer chorimas dos toxos e, pouco e pouco, viróuselle o sentido. Esquenceu de vez. Tivo por fin a sensación de camiñar cun muro de pedra ás costas, un muro alto e longo, de pedra que non pesaba pero que lle impedía mira-lo que lle quedaba atrás. Se quería vira-la cabeza atrás, só vía o muro. E, cando se decatou, sentiuse aliviado e protexido pola desmemoria. E foi feliz durante algunhas lúas <sup>46</sup>.

Pero pouco dura a alegría na casa do pobre. En poucos días tamén se decatou de que, se dicía unha palabra, esquencíalle a anterior. Decidiu non falar con ninguén, porque, cando lle preguntaban, ó empeza-la resposta, xa lle esquencera a pregunta. Só repetía **Non sei quen son**.

Tempo andando, apareceu falando un mal latín. E andaba atrás da xente e ata que lle tocaba coa punta do dedo dicindo **ne te daemon ferat** <sup>47</sup>, non paraba. Algúns chamábanlle o home do saco, porque apañaba canto farrapo atopaba polos camiños e metíao no saco. E, en tendo o saco cheo, botábabo no río dicindo que o embarcaba prá Galia.

O peor é que perdeu a memoria. E, cando un home perde a memoria, non hai quen lle poida valer neste mundo, porque non pode dar razón de si. El botárase ó vultuntún ós camiños. E andaba sen rumbo, coma unha andoriña desnortada. Subía ós montes no inverno e baixaba ós vales no verán.

Nesta vida de moinante pasou anos tristes que lle marcaron a cara coas marcas das penas, o pelo viróuselle ruzo antes de tempo e a barba medroulle sen control.

Pero un día os deuses tiveron dó del e metérono entre os romeiros da Fonte Bieita. E viu alí que tolleitos e enfermos de moitos males lavaban nela as súas miserias e todos erguían as mans ó ceo esperando cadanseu milagre. Foi el tamén, meteu a cabeza no cachón e deixouse mollar e bebeu a fartar. E despois púxose coma todos a da-las sete voltas arredor da fonte andando cara atrás. Ó empezar a ve-las súas propias pisadas, decatouse de que eran del, porque era o único que ía descalzo. **¿Quen son eu?** –pensaba. **Todos veñen en grupo pero eu nin coñezo nin me coñecen. ¿De onde son eu? ¿Quen é a miña xente?** Dicían que aquela auga fresca da Fonte Bieita espabilaba ideas durmidas. Recoñeceu naquelas pisadas a marca dos seus pés. Si; el xa pasara por alí. Algo lembraba. Pensou en atreverse a mirar se tiña o muro tras del. Non se atreveu. Ninguén reparaba nel, porque era o único que chegara só e non falaba con ninguén. Mirou para o camiño que o trouxera á Fonte e recoñeceu as súas pisadas. Veulle á idea desandalo na procura do seu pasado branco coma as plumas das galiñas brancas. E empezou a desanda-las súas pisadas e, segundo as desandaba, lembraba que pasara por alí. E resultoulle agradable coma unha luz na noite. Pero pouco dura a alegría na casa do pobre, porque axiña foi incapaz de encontra-las súas pisadas, porque outros pasaran despois e borrarán as del. Cando levaba un día andando, xa non recoñecía cousa. Supuxo que aquela non era a súa terra, porque todo home ten unha terra e el non sabía onde estaba e nin el nin ninguén sabía por onde

<sup>46</sup> Nos papiros sempre se conta o tempo por lúas (28 días), múltiplos de sete.

<sup>47</sup> pra que te non leve o demo.

48

viñera, nin como lle chamaban <sup>48</sup>. Calaba ou dicía **Non sei quen son**, cando lle preguntaban quen era. Un día viu un que se presentaba como **servidor de Navia** ou como **servidor de Bando**, cando quería disimular e protexerse de accións maléficas e el aprendeuno e afixose tamén a presentarse dicindo tamén a dicir por disimulo, cando algún soldado llo preguntaba, **Eu son servidor de Navia ou de Bando**, segundo lle cadrase. Pero un día, sen decatarse, respondeu

**-Eu son Fulano, un calquera. Non me tomes a mal que non dea máis señas porque non che sei dicir máis de min.**

E quedou sorprendido da súa resposta, porque levaba moito moito tempo sen dicir unha frase tan longa.

Non foi moi lonxe. Volveu sete veces á Fonte Bieita para mete-la cabeza na auga fresca e beber, enchoupándose de auga por fóra e por dentro, e despois da-las sete voltas arredor da Fonte.

Non tendo qué facer, púxose a axuda-los vellos a meterse na Fonte e a saíren dela. E algúns dábanlle algo do que levaban para comer. E unha meniña dunha vez achegouse a el e preguntáballe qué facía alí e de onde era e el contoulle que se chamaba Fulano e que se lle varrera a memoria e que non sabía por onde viñera nin a que pobo, nin castro pertencía. E como o máis triste do mundo é perde-la memoria. E ela pasmaba e calaba e díxolle

**-Ora ¿qué levas aí agachado?**

E el díxolle

**-¿Isto? É unha chave.**

**-¿Da túa casa?**

**¿A miña casa? Non. Eu non teño casa.**

**¡Tás parvo! ¿Como non vas ter casa?**

Aquela meniña fixo que se decatase dalgo no que non pensara. Tiña consigo unha chave: logo tiña que haber unha porta que para el era importante. E a meniña díxolle

**-Meu pai non ten un torque tan bonito coma o que ti levas no pescozo. ¿Qué é, de capitán?**

E apalpou o que levaba ó pescozo e recoñeceu o torque de bronce. ¿De capitán? E decatouse de que torque non o levaban todos

**-Ti non es aquí, que non falas coma nós. ¿De onde es?**

Aquela meniña tan viva e tan preguntadora, máis que preguntar, daba respostas. Preguntar é sempre o principio da resposta. Tódalas respostas empezan por unha pregunta. De repente descubriu que el tivera casa, que o torque do pescozo algo dicía e non sabía o que era, e que levaba tempo andando sen rumbo á espera de atopar un punto, o centro, o centro de si. O despertar da memoria era medicina amarga. Quería e non quería que a memoria progresase. E volveulle unha certa angustia. E dáballe para chorar e entre bágoas acababa preguntando

48

Literalmente o papiro di *cal era a súa gracia*, que era a forma antiga de dicilo.

49

Oculto-lo propio nome ós descoñecidos é práctica documentada aínda hoxe en moitos pobos considerados primitivos.

*-¿El saberedes vós quen son eu? ¿Haberá alguén nesta briga que me saiba dicir se eu son de aquí ou de lonxe? Non sei por que pecado os deuses me varrerían a memoria pero non debeu ser pecado pequeno, porque castigo máis grande que este esquecemento ningún xuíz o pode botar neste mundo. Lembrar é vivir, esquecer é morrer.*

*E choraba cando ninguén lle sabía dar razón. O sufrimento fíxeráo parecer vello sen selo. E as mulleres dicíanlle*

*-¡Veña acó, meu vello, que un anaco de pan sempre o hai para un camiñante e un brazado de colmo onde pasa-la noite.*

*E, cando o facían pasar pra dentro dunha casa, miraba todo con ollos moi abertos e alentaba fondo: era coma se a calor do lume e o cheiro das olas afumadas, das trabes afumadas, do colmo afumado, das pedras afumadas lle acendesen unha luciña alá dentro que lle avivaba a vista; era coma se tivese un tulumbre de que entraba na súa casa; pero ~~xx~~ di o verbo antigo que Tódalas casas son redondas, e non hai unha igual a outra ; e, como aquela non era a casa da chave que levaba consigo, todos miraban para el desexando que aquel tulumbre lle marcasse polo menos cara onde caía a súa xente.*

*E, aínda que o agarimaban, á noitiña virábase triste e daba máis voltas na palla ca unha ovella cando ten o teo e máis cás que dá a ola nas mans do oleiro. E só acougaba co primeiro canto do galo. E nese instante prendía o sono e durmía algo. E, cando polo día acordaba, erguíase, pedíalle ós deuses polas almas que o acolleran, collía o que lle daban, bicábao e botábase outra vez ós camiños coma un can sen dono. E as mulleres e os vellos do castro mirábano alonxarse e dicían*

*-¡Malpocado! ¡Quen sabe que pecado el purga!*

*E dunha vez unha cadela tivo tanta lástima del que ladrou tres veces cara a xente que quedaba na porta do valo que gardaba a briga. Fulano agarimouna e ela foise con el e nunca máis del se arredou. El deu en chamarlle **Compañeira** e a cadela afixose ó nome.*

*E, aínda que tódalas brigas lle ofrecían abeiro, como nos mandan os deuses que lles hai que ofrecer ós camiñantes, el só sabía dicir que o mundo estaba cheo de xente boa, que aquela era xente moi boa, pero que non era a súa xente. Que el precisaba a súa xente coma o aire para vivir. E apretábaselle a un o corazón véndoo marchar sen encontra-la súa briga. E a xente desexaba que axiña atopase a súa casa. E algúns mozos de bo corazón montábano no seu cabalo e*

50

A palabra é sinónima de **castro**, pero consérvoa na tradución, porque é o substantivo de onde se supoñía que viñan tódolos topónimos que rematan en **-bre** (coma **Bañobre**, **Deixebre**, **Barallobre**) e que está probablemente na raíz do nome **Breogán** "xefe da briga".

51

As casas castrexas eran de planta circular e por iso a cubrición de colmo ou xunco era a máis axeitada, mentres que a introducción do tellado, con tellas rectangulares, obrigou a facer paredes rectas e, por tanto, a crea-la planta rectangular.

## 52

*facíano visitar nun día as cinco ou seis brigas da táboa* , coa esperanza de veren que nunha delas se lle alegrase o ollo recoñecendo a súa xente e a súa casa e o seu quinteiro.

*E ninguén sabía xa en cantas brigas estivera e aínda era ben que nalgunhas xa o coñecían, que por alí pasara, e aforrábanlle a visita. E disque o pobre do vello xa visitara máis moitos pobos con tódalas súas brigas. E ninguén o coñecía. E algún principal de briga facía con mensaxes de fume que viñesen vellos de tódalas brigas da táboa por ver se alguén coñecía o Fulano e, ende non, aforrarlle camiñatas sen proveito. Pero ninguén daba razón del e ordenaban de pasalo ó confín da propia terra a cabalo.*

*E xa correra tantas terras el coa súa cadela, inquirira en tantos pobos, preguntara en tantas brigas, entrara en tantas casas, que, se gardase memoria disto polo menos, ninguén había saber tanto deste mundo coma el, porque nunca home tanto andou, nin a tantas brigas subiu, nin tantos valos franqueou, nin con tanta xente falou, nin en tantas casas entrou, nin en pallas tan distintas durmiu coma aquel que para a xente de fiar era o Fulano e para a xente de desconfiar era servidor de Navia ou de Bando, segundo lle cadrase, para se protexer de accións*

*maléficas. E alí onde lle daban pousada sempre pedía para durmir trala lareira e en casa que abrise ó nacente, porque nunha casa na que lle deron pousada, ó se deitar á beira do lume, lembrou que estaba afeito a iso, porque, cando se apagaba a calor do último tizón e a pedra da lareira arrefecía, era sinal de que non tardaba en aparece-la luz do día polo fachinal, que, fóra do inverno, xa ninguén atúe con palla por cousa do frío, e polas firgoas da porta. Debía de ser así na casa del. E da casa que o viu nacer non lembraba máis nada.*

*Cando xa pasaran catorce lúas, certo día axuntáronse en consello vellos guerreiros de todo un pobo e lembraron que coñeceran na guerra contra César un soldado moi sabio, que era de contra a Fonte Sacra, terra da neve e castañas, que tamén andara moito mundo e era capaz de descubrirille a un onde nacera, por que sitios andara e con que xentes tivera trato máis de sete anos, só con oílo falar o que se tarda en muxir sete ovellas. E o consello ordenou de o levar onda o sabio da Fonte Sacra, terra de neve e castañas.*

*Así se fixo, non sen grave perigo, porque quedaba moi lonxe e está o mundo infestado de homes feroces que levan saias e falan esa lingua bárbara que chaman latín. E cando chegaron diante del, contáronlle a encomenda que levaban. O vello da Fonte Sacra, terra de castañas e neve, mandou que Fulano ofrecese á Coca que protexía a Fonte todo o pan que traía, para que o deixase beber e que*

## 52

Do pouco que sabemos de como estaban organizados politicamente os pobos prerromanos desta parte, é cousa aceptada que os castros eran independentes pero que formaban asociacións de mutua defensa, probablemente baseadas na proximidade xeográfica e na común orixe étnica. A palabra que usa aquí o texto fala de *os castros da redonda* ou mellor *da mesma xurisdición*. Preferín traducilo como os castros *da táboa*, porque esta expresión aínda define hoxe as asociacións de parroquias no mundo rural galego. Así *os curas da táboa* son os que se asisten mutuamente nas súas necesidades pastorais.

## 53

Na casa castrexa a lareira está no centro da casa e, polo tanto, quen se poña trala lareira está mirando á porta.

despois bebese sete veces seguidas longos grolos naquela fonte e que, por cada vez que bebese, dese sete voltas arredor da fonte sempre andando cara atrás. Despois de beber e andar, Fulano xa falou algo ó caso. E dixo.

-Eu sonche **Fulano**, así sen máis señas. Non mo tomes a mal que non che sei dicir máis de min. Lévoche xa moitas lúas, de briga en briga, buscando unha luz. Un mal aire varreume a memoria. Dunha vez unhas almas benditas leváronme a beber nunha Fonte Bieita e de repente fíxose algo de luz en min, tiven aquela de volver. Toda a miña memoria é esta: que a miña casa abre cara ó nacente, que esta é a chave da miña casa, que o mundo está cheo de boa xente, que esta cadela, que atende por **Compañeira**, leva comigo xa catorce lúas. Ata ese día non sei por onde andei, nin por onde viñera, nin por que me botei ós camiños, nin que nome me puxo miña nai. Dende ese día sei por onde andei, lembro os nomes de tantas almas que me protexeron. Fíxenme pobre das portas, aprendín a pedir en latín, porque os homes das saias, que chaman romanos e tamén latinos, aparecen en calquera camiño. Afíxenme a escoitar, a aprender, a disimular. Son coma un neno que volve enche-la cabeza con cousas que nunca antes oíra. Con eles afíxenme a vivir con <sup>54</sup> disimulo, aprendín algunhas palabras deles como **Salve e Gratias tibi** e, cando algún deles me pregunta o nome dígolle que son **servidor de Navia** ou **de Bando**, segundo lle cadre, para me protexer de accións maléficas. Pero o certo é que non me acorda o meu nome. Tamén digo me chamo **Fulano**, que tampouco é dicir grande cousa.

Ben se pode chamar Sacra esta Fonte, porque dentro de min predeu unha luz que estaba morta e mesmo daría debuxado as terras todas nas que corre a nosa fala. Canto andei téño agora vivo na memoria e paréceme que daría desandado o que andei dende a Fonte Bieita. Andei por terras dos Anfilocos, dos Bibalos, dos Nemetanos, dos Límicos, dos Lubainos, dos Quarquernos, dos Koilernos. Pasei por Avobriga e Turodos. Andei a terra dos Aebisocios, chegueime á casa matriz dos calaicos par do río Grande. Acollénome os zoelas, cacheei antre Brigaicios, bedunios, orniacos, iburros, xigurros, lemavos e seurros. E, cando volví caer en terras de Bibalos, encamiñánonme a cas dos Susarros, terra de queixos coma cogumelos. ¡Ai, de deus! ¡Se viráde-lo desconcerto, a desunión e a falta de fe que os homes das saias trouxeron a este mundo! Podíavos contar en cantos lugares batín con fuxidos, que, dirixidos por mulleres, tratan de reconstruí-lo seu niño lonxe da ambición estranxeira. Podíavos contar dun adiviño cego que me aconsellou que non parase de andar; que andar é descubrir quen somos e cal é á nosa terra. "**Quen anda, reconquista**" -porfiábame el. E algo diso debe haber, porque, por veces, paréceme que camiñando, a terra enteira faise miña, coma se eu, ¡pobre de quen! fora tomando posesión dela, segundo a vou andando. ¡Malia quen non garda respecto ós sagros camiños!

Nunca puxen pé en terras de xente que non me entendese a falar, que xa di o vello refrán: "**Fóra da fala, fóra do camiño**" e aqueloutro "**Se non falas**

*como eu falo, ti non es do meu cabano*". A fala foi o candil do meu camiño, aínda que de terras a terras hai ben diferencias.

*Nunca quixen entrar en terra allea, porque "ó boi bravo trócanlle a terra e vírase manso". Non quero máis pesares: chégame ben coa desmemoria que padezo. Vós non sabedes o que é perde-la memoria; é coma destecer un cesto e volvelo feixe de vimbios secos para botar ó lume.*

*Isto é o que lembro pola virtude desta Sacra Fonte. Pero da Fonte Bieita para atrás aínda é noite escura. Ese é o caso. Perdín o meu pobo, abandonánome os deuses: é coma se me cortasen as pernas. Ando mutilado, extraviado, non sei quen son, nin de quen son. Mira se ti me podes botar unha man.*

*E o vello da Fonte Sacra colleu a chave da casa de Fulano, mirouna e remirouna, e despois dixo:*

*"-Con esta chave non vos saca nada en limpo, porque diso non entendo cousa que se diga. Pero na fala quedan escritos os nosos pais, a nosa terra, os amigos a quen quixemos, e mesmo as terras de lonxe nas que botamos ou a mocidade ou, polo menos, setenta lúas. Fulano, a túa fala éche a que te vai salvar. Volverás ve-la túa terra, se a soubestes gardar, e volverás ve-la túa xente, se vos soubestes defender dos tempos malos que corren.*

*E volvéndose ós que o trouxeran engadiu:*

*"-A fala deste home certifica que vos é de lonxe e que non chegou onda vós polo camiño máis dereito, senón que foi cerrando moito eido. Ben mirado os deuses fórono levando de xeito que os seus pés marcasen as extremas da terra de Brigo, Porta do Mar par do Niño do Sol<sup>55</sup>, iso que agora os romanos queren chamar doutro xeito. Estas cousas non pasan por caso. Este camiñante é sagrado, aínda que el pense que só é un extraviado. Tampouco os adiviños entenden moitas veces o que os deuses lles fan dicir. Mirade, máis ben, por que volo mandaron os deuses onda vós. Nada acontece por caso".*

*"Fulano, fas ben en dicir que es servidor de Navia e de Bando. Son eles os que te cegaron e os que agora che van abrindo os ollos. Levas anos andando pola montaña pero ti naceches á beira do mar, de pequeno collías berberichos no areal e, se non marro, ti es da Vila dos Dous Mares, o de fóra bravo, o de dentro, manso. Agora paréceme que eses que chaman romanos querenlle muda-lo nome por Faro. Levádeo alá que este home vai reviver".*

*Meu dito, meu feito, Fulano colleu a chave e bateu con ela na testa e deixouse caer no chan, bicou a terra de neves e castañas, e chorou lágrimas, salgadas e doces, porque, por fin, aquel home da Fonte Sacra pronunciou palabras amantes (Vila dos Dous Mares, areal, berberichos, mar), que acenderon de repente a luz que faltaba na vida del. E dixo*

*"-Éche ben certo o refrán aquel das vellas que di que "Esquencer é morrer, lembrar é vivir". Non teño con que pagarlle, meu home, o ben que me acaba de facer. ¡Si! ¡A Vila dos dous mares é a miña!".*

*Dende aquel momento todo empezou a acontecer con moita présa. Os emisarios agasallaron o home sabio con presentes de ouro, que el rexeitou, fixeron todos un sacrificio en honor de Navia e Bando, puxaron o ouro entre os devotos para agasallaren os pobres co proveito da poxa e houbo contento para todos. E fixeron festa, porque os deuses os escolleran a eles para seren testemuñas do prodixio de que aquel home volveuse á memoria e á vida. E decidiron que dous mozos o acompañarían á Vila dos Dous Mares, de fóra bravo, de dentro manso.*

*Así o fixeron, camiñando con el sete días. E, cando ían chegando, en vendo o mar por vez primeira en tantísimas lúas, aquel home xa era outro. Empezou a andar xa diante dos acompañantes, porque todo empezaba a serlle coñecido. Agora sabía que estaba desandando o camiño andado. E tiña ganas de bulir e medo de chegar. Viu por fin de lonxe a súa Vila e estremeceuse, que estaba moi cambiada. Había aínda moito do de sempre pero xa había algunha casa tellada á moda romana. Unha vella, que volvía da ameixa, recoñeceuno polo torque de bronce que levaba no pescozo. E, sen falar palabra, correu á Vila a darlle o recado ó druída. Os dous acompañantes, que non se querían achegar á*

56

*Vila dos Dous Mares , empezaron a despedirse del, para volveren á súa terra. Amarga despedida, porque aquel camiñante era un tesouro que lle mandarán Navia e Bando; era xa un anaco do seu corazón. Pero a división que trouxera a guerra non lles permitía de momento chegar con el á Vila dos Dous Mares, por fóra bravo e por dentro manso. El, non tendo con que lles agradece-la súa compañía, quitou o torque de bronce que levaba dende a súa proba iniciática, e deullo ó máis novo deles. E con estas despedíronse emocionados.*

*En quedando só ante a súa Vila natal, invocou os Deuses dos Camiños, para que peregrinación de tantísimas lúas lle servise de penitencia. Invocou tamén con temor os Espíritos dos Mortos para que amansasen. Con moita esperanza e moito medo, botou a andar polo inmenso Areal dos Dous Mares cara á porta da Vila. Sentía que os pés naquela area falábanlle unha fala coñecida. Na Porta da vila viu soldados romanos que obrigaban a ergue-la man e dicir ¡Salve! A Vila medrara, tiña muros novos, e había problemas para entrar. Cando chegou á porta da vila viu o druída e uns catorce vellos máis, que se abrazaron a el con moita emoción e chamárono polo seu nome. E, en oíndo o seu nome verdadeiro, tremeu e sentiuse outra vez enteiro e dono de si, e botouse no chan, aturdido, coma se antes tivese que pedir perdón por algo.*

**“-¡Que Udaviniago te traía con ben! - dixo o druída e engadiu para os máis próximos ¡Coitado, como vén! -¡Mal do gran que cae no comareiro! ¡Ira de Deus!”**

*O soldado de garda non entendía a nosa lingua e aínda entendía menos que cerimonia era aquela do camiñante tirado no chan.*

---

Que non queiran entrar parece indicar que estes aínda conservaban a súa independencia fronte a Roma e que, polo tanto, as tradicionais rivalidades dos pobos do Noroeste estaban neste caso endurecidas pola precoz aceptación da presenza romana por parte dos habitantes da **Vila dos Dous Mares**, ata o punto de cambia-lo nome da vila por **Faro**.

*Mentres o druída lle dicía que de nada era culpable e que, se de algo o for, xa fixera penitencia abonda, un axudante cortoulle a Fulano unha guedella e, facéndolle con habelencia un nó, deulla ó soldado da porta, dicíndolle que traía moita sorte gardar unha cousiña dun camiñante que viña de lonxe. O soldado, ante aquel cadro e sen entender grande cousa do que eles falaban e facían, gardou a guedella anudada e deixouno pasar sen máis documento.*

*Fulano entrou camiñando coa man do druída no seu ombreiro e dicíndolle:*

***“Ben pensamos que a túa era ida sen volta. ¡Negros de nós, que perderámo-lo último espello! ¡Benía sexan os Deuses camiñantes que te trouxeron de volta!”***

*Fulano non entendía a qué viñan eses inesperados honores nin a presenza de romanos dentro da vila. Quixo ir cara á súa casa. Suáballe a man apretando a chave. Chegou ó vello quinteiro. Mirou, por fin, onde enredara de pequeno, a fonte onde namorara a súa moza, o camiño por onde sacara as cinsas da súa nai, deu unha volta por non pasar polo lugar da morte maldita, viu moitas casas descolmadas, coma tambores sen peles, estrañoulle ver correr tantos meniños vestidos á romana e enredando nun castrapo que quería parecer latín. Xogaban ás guilindrainas, que é atinar co número de noces, castañas ou abelás que o outro ten na man. E dicían algo así coma*

***-As guilindrainas.***

***-Abre o puño e daimas.***

***-¿Sobre cantas?***

***-Sobre tres...***

*E, se atinaba, tiñallas que dar e poñer el.*

*Viu por fin a súa casa coa porta aberta ó nacente e quedou mirando para ela mentres a súa mente ía recuperando a luz da memoria. Apertaba a chave na man e viñanlle á memoria feitos acaecidos entre aquelas redondas paredes e naquel vieiro. Tódalas casas cheiran ó chamusco pero ninguén confundiría con outro fume o fume no que un se criou. Os amigos que saíran a acollelo deixárono estar só nesta ansiosa lembranza e eles quedarán catro casas máis atrás respectando a súa intimidade. Cando, por fin, se decidiu a ir mete-la chave no ferrollo, viu que estaba aberta, que cambiaran o fecho e doeulle ver que dentro había xente que el nunca vira e que non lle portiña e que parecía da terra pero vestía á romana. Mirou para atrás e os outros acenáronlle coma quen di **Tes que ter paciencia**. Volveu a mirada e, de alí a pouco, dunhas casas máis para diante saíu unha muller, que quedou mirando para el con cara de inmensa sorpresa. Foi para el coma se o ceo estoupara porque vela a ela naquela mesma porta foi como un lóstrego que fixo a luz total no seu pasado.*

*Pero o tempo non corre igual para todos. Para ela aquel instante durou coma se a roda do mundo parara, porque lle pareceu que os ollos daquel vello eran os do home que lle acudira nun momento dramático para ela e despois fuxira para sempre e estaba facendo memoria e pensando se o era ou non o era.*

*El, en cambio, no tempo en que o demo esfrega un ollo volveu ver diante da porta daquela mesma muller un home descoñecido e arreitado, ameazando cun*

*rachón encendido prenderlle lume ó teito de colmo e querendo, a cambio, daquela muller o que o can quere da cadela; e viuna a ela berrar ¡Acudideme!, porque contra a forza do home ela só tiña a forza da palabra; e el saltara contra aquel meco poñendo forza contra forza e conseguira arredalo dela pero no instante catara que as forzas daquel sátiro eran as dun boi e pensara que tiña que vencelo con maña, e andaran a rolos un por riba do outro varias veces e a loita entre o vicio e a virtude tivera os seus ires e vires e el sabía que a súa loita era máis limpa e viñera a Xustiza e soprara detrás del e deulle maña para darlle ben dado onde se deixan os homes tesos e así dera acabado co castrón pero, cando tivo aquel meco morto nas mans, non pensara que acababa de salvar a dignidade dunha muller e maila propia vida; non, invadírao o espanto de te-la Morte nas mans, de ver como a vida fuxía polas ventas e polos ollos do defunto e, aínda que non o coñecía e tamén el se arriscara a morrer, tivera dó daquel cadáver e pensara que as indemnizacións por facer unha morte entre nós duran a vida enteira segundo a lei druídica e que el non tiña con qué pagar aquela morte. No instante que durou o lóstrego da mirada daquela muller veulle todo isto á cabeza e mailo que pasara despois; e como se puxera así por mor daquel arreitado que el matara; e que andara fuxido medio mundo; e que comera chorimas dos toxos; e que a súa cabeza perdera o tino; e que o muro que levaba ás costas era o tal defunto. Recuperada neste instante a terra e a luz da memoria, viuse tan pobre coma cando marchara, sen capital ningún con que indemniza-la familia do morto. Lembrou mesmo que, para non regresar, botara pelos no mar, cando fuxira. Agora estaba outra vez alí, no lugar do crime, e só o podía salvar que aquela muller lle valese testificando que a morte que el fixera tivera un porqué honroso e que lla perdoasen e que o acollesen; todo o reviviu no lóstrego daquela mirada. ¿Por qué o druída o recibira con afecto, se ela non recoñecía que a salvara?*

*Pero o tempo non corre igual para todos. Para ela todo ía máis a modo. Aínda estaba varada na sorpresa, debullando se trala máscara de vellez e sufrimento daquel vello, os ollos eran ou non eran os daquel home que lle valera, que desaparecera e que nunca máis volvera ver. Non podía ser, porque non pasaran tantos anos para que un home se dese tanto a vello.*

*Estaba ela nestes cavilares lentos coma un carro cansón mentres a el lle batía o corazón coma peixe fóra da auga. Na cabeza dela facíase a luz ó paso con que abre o día pero, na del, era coma se caera unha chispa nun palleiro: vía todo o seu pasado, día por día, a plena luz pero aquela luz era dun lume que ardía, queimando sen remedio aquilo mesmo que iluminaba porque a moita luz fai mal; e el, que tantas penas pasara, non deu resistido aquel instante no que a primeira mirada daquela muller seguía varada na esculca de se el o era ou non o era; aquela lentitude fixo que o ceo lle caese enriba da testa; antes de tempo pensou que, agora si, nin tiña casa nin tiña xente nin tiña ansia de vivir; agora si que estaba só neste mundo; de repente unha dor, que nunca sentira, espetóuselle no peito e nun brazo e caeu redondo no chan.*

*A muller pousou todo e veu a correr para acudirlle. O druída e mailos quince vellos correron tamén. El aínda acertou a velos vir a todos cara a el, coma quen albisca na brétema. Ela xa non era tampouco a viúva noviña doutro tempo,*

que se lle vían na cara as mágoas que rañan na alma e que pola noite non deixan durmir. A brétema dos seus ollos facíase máis espesa e sentiuse envolto na calor morna de sombras amigas. Cando lle puxeron a man, xa non sentiu o contacto, xa non era alma deste mundo.

E todos choraron, porque aquela muller criara o seu fillo na esperanza de que algún día había volve-lo home que lles salvara a vida ós dous, matando un soldado romano, vestido con roupas de galaico, que, ó non poder intimar con aquela viúva tan nova, tentara prenderlle lume á casa na que ela vivía viúva e nai dunha criaturiña. E veu pero ela non o recoñeceu á primeira. E chorou ela os sete chorares abrazada a aquel home morto, agora si, xa segura de quen era e laiando a súa parsimonia en recoñecer naquel home revellido o veciño destemido que volvera por ela. Choraron todos a sorte negra de quen morrera sen saber que non matara un paisano, senón un inimigo en roupas de galaico e que, polo tanto, era un heroe, non un fratricida. Chorou cadaquén a súa parte de culpa en non teren ido máis lonxe na procura del, cando fuxira. Choraron todos a indecisión de non lle faceren saber, xa na porta da Vila, a verdade do que aquí se pasara. Alí mesmo xuraron todos ante o druída facérenlle a aquel heroe o funeral máis solemne e máis calado. Velárono todos pero a roldas e en lugar secreto. E, cando xa remataban aquelas honras sentidas e clandestinas a unha vida infeliz e honrada, o Romano xa detectara movementos de xente que non eran os de tódolos días e descubriu o funeral e soubo que o morto en tempos matara un romano. Non quita que alguén lle fose co conto, porque xa di o verbo antigo que **Quen fai mellor feira é o primeiro que sabe quen é o novo amo**. Entendeu o Romano que aquelas honras eran presenza visible da resistencia indíxena contra Roma e que tal funeral, por discreto que fose, era un feito político, hostil e anacrónico. E decidiu facer ver quen mandaba aquí. E mandou que unha patrulla de soldados collesen o morto e que o levasen á punta do cabo e que o botasen no mar sen máis espera, sen máis rito, sen máis xente. E que o océano decidise. E así se fixo. Só a cadela Compañeira puido segui-lo cadáver sen que ninguén llo privase. ¿Quen repara nos andares dunha cadela? Nós axexabamos dende lonxe, no alto do val que mira ó solpor. Pero cando xa baixaron á auga, non se vía cousa.

Tempo andando soubemos que as mans romanas botaran o morto á auga onde a terra acaba e que, cando o cadáver tocou a auga salgada, o Mar obrou o prodixio: o corpo do morto rebotou como rebota a saraiba no chan pero quedou no aire convertido en bola de luz, e que esa bola de luz empezou a subir a modiño a modiño cara ó ceo, como sobe o fume en tempo calmo, como querendo que todos reparásemos ben nela. E nós, que axexabamos de lonxe, porque non nos deixaran chegar ó lugar do crime e do milagre, empezámola a ver tamén. E mirabamos para a luz coa boca aberta. O druída dixo que diante dos nosos ollos os deuses acollían un de nós. E todos rompemos a aplaudir. E debía medrar coa altura porque, aínda que seguía ascendendo, sempre a viamos do mesmo grandor. A cada hora estaba máis alta. E, cando á tardiña o sol bicou aquel Mar bendito, a bola de luz xa minguara de tan alta que estaba. Aquela noite pasámola todos mirando pró ceo ata que vimos que os deuses a estibaban a par do Setestrela. Nas noites seguintes e

*durante moitas lúas todos mirabamos para o ceo e sempre a viamos no mesmo sitio, sinal de que alí foi onde os deuses lle deron asento para sempre.*

*E dendaquela, ó cabo onde se produciu o prodixio, nós chamámoslle **O berce da luz** e o Romano, que ten outros deuses, fixo alí un templo da luz e chamoulle **Faro**.*

*Tempo andando os druídas decatáronse de que **a estreliña de Fulano**, que é como nós lle chamamos, non se deixa ver sempre, senón medio ano si e medio ano non, en memoria da súa media vida con memoria e da súa media vida sen memoria. Pero a cadela Compañeira, mentres viviu, ladroulle as noites todas. E, cando a aquela criatura lle veu a de morrer, botoulle á estreliña a súa derradeira mirada.*

Xesús Ferro Ruibal

31.1.2012

## Papiro 19

57

No tempo en que as bestas falaban , un mozo, que atendía polo nome de Guendal de Amaro, chegou a saber de novo todo o que saben os vellos, enguedellou a máis belida rapariga da contorna, feriu dende unha dorna polbeira unha balea que entrara pola ría e que acababa co peixe todo e a balea foi morrer á praia. Aquel Guendal tiña feitos que facían ventar que chegaría a se-lo *Príncipe de Príncipes* que anunciaba o oráculo. Tiña o mozo a aura dos Príncipes e as vellas falaban con admiración e arrepío de que, tan noviño e tan sonado, calquera día viáse na boca da *Serpe de Mal Acordar*.

57

### NOTA EN PROCESO DE REFLEXIÓN

Repasar ben o que escribín na VOZ. Filgueira Valverde morreu en Pontevedra o 13.9.1996. De alí a dous días (15.9.1996) *La Voz de Galicia* (páxs. 10 e 79) publicou nas páxinas 10-11 este décimo nono *Papiro do Medulio*, coa seguinte introdución: Un día de maio de 1995, nun discurso en louva de Xosé Filgueira, introducín un fragmento inédito dos *Papiros do Medulio*, en que don Xosé se sentiu inesperadamente aludido nun segredo da súa vida. Seiño hoxe, porque nunha visita que lle fixen poucos meses antes de morrer, don Xosé preguntoume qué historia había detrás daquela metáfora de Guendal. Conteille que oíra unha conversa na Moureira na que un interlocutor aseguraba que *durante toda a guerra Filgueira tivera agachado nunha súa casa un republicano a quen nos primeiros días buscaban para pasealo*. Disque, acabada a guerra, Filgueira presentárase un día ante o Gobernador (creo que Militar) e pediulle que o escoitase, se podía, baixo *segredo de confesión*. Un silencio de tres persoas trouxo o desenlace a un drama de tres anos. O nomeamento de *Galego egrexio* parecérame a ocasión de poñer na balanza dos seus méritos este segredo de tres anos con certa discreción. Don Xosé ergueuse e amablemente, coma sempre, levoume ata a porta con estas palabras: *Casos deses hainos, houbo varios e deben seguir en silencio, porque só o silencio os fixo posibles*.

Neste punto, cómo chegara a saber eu diso.

*Na súa intervención posterior nada dixó deste asunto.isto, segundo me confesou, retratado e redimido; e redimido sen desvelar un segredo que evanxelicamente quixo levar á tumba pero que eu descubrira de forma accidental, sen intervención nin del nin da súa familia.*

Engado hoxe (4.2.2020) que ese segredo desvelárase

uns meses antes en Pontevedra nunha conversa na Moureira, na que alguén aseguraba que durante toda a guerra Filgueira tivera agachado nunha súa casa un republicano a quen nos primeiros días buscaban para *pasealo*. Acabada a guerra, Filgueira presentouse un día ante o Gobernador Militar e pediulle que o escoitase, se podía, baixo *segredo de confesión*. Milagrosamente o Gobernador aceptou e Filgueira desveloulle que tiña agachado na casa un republicano dende o inicio mesmo da guerra; engadiulle que daba fe de que en todos eses anos (1936-1939) non se movera dalí e, polo tanto, que non tiña nese tempo delito ningún e pediulle que o axudase a sacalo da casa indemne e sen cargos. O Gobernador milagrosamente volveu aceptar, baixo condición de silencio perpetuo; o home saíu, viviu libre e cumpriu escrupulosamente a súa pena de silencio. cómo chegara a saber eu diso.

Cando un día lle mencionei a don Xosé heguei a falar deste asunto con Filgueira e puxo cara de contrariedade, polo feito inesperado de que a noticia tiña máis de tres coñecedores. Preguntoume cómo me chegara a min e, cando llo revelei, ergueuse, levoume á porta da súa casa e despediume, amablemente coma sempre, pero con estas palabras de punto final: *Casos deses houbo varios e deben seguir en silencio, porque só o silencio os fixo posibles*.

A *Serpe de Mal Acordar*, filla brava do deus da guerra, tiña dúas cabezas e vestía camisa de escamas estreladas e tan duras que a facían invulnerable e incombustible. Durmía sonecadas que duraban cincuenta cucos (contábanse daquela os anos por cucos) e acordaba durante tres cucos. E, cando acordaba, facía unha estragueira no mundo. Só perdoaba as aldeas nas que un mozo subise de seu onda ela e metese a cabeza nunha das súas dúas bocas inmensas para que ela lla lambese, que tiña esa lideira a condanada. Proba terrible, porque había que manter a cabeza inmóbil baixo o dente mortífero en sinal de submisión e fe, mentres ela a lambía coma a cousa máis gorentosa, ata que o monstro coa lingua empuxaba a cabeza ó exterior.

Pero se a *Serpe de Mal Acordar* catava o medo do candidato, chantáballo, por falta de fe, o seu dente mortífero. Decía un vello oráculo que había de ser *Príncipe de Príncipes* quen, lle dese arrincado ese dente mortífero, mentres se deixaba lamber, converténdoa nun animal calquera sen pezoña nin malicia e salvando daquel terror a redonda enteira.

Foi o caso que un fato de mozos destemidos, entre eles Tude, Brito e Primael, atacaron a *Serpe de Mal Acordar* con chuzos de ferro quente, cando durmía no seu tobo, convencidos de que ían acabar con ela. Pero ela, que cunha cabeza durmía e coa outra toqueaba, acordou, revolveuse coma unha chispa e enleou a Brito. Os outros deron fuxido a tempo, oíndo como ela reclamaba a presenza de Primael, a quen recoñecera. Pero Primael desapareceu e nunca máis soubo del ninguén.

Cando Brito quedou atrapado pola *Serpe de Mal Acordar*, todos piaron por Guendal, o que ferira a balea, para que subise ó monte onde ela estaba e rescatase o irmán preso. Aló foi Guendal, mentres todo o pobo, pechado nas casas, xaxuaba ó traspasso e invocaba os deuses. Guendal amansou a *Serpe de Mal Acordar*, deixándose lamber quietiño pero non lle deu botado a man ó dente mortífero. E ela ceibouno sen mal. Guendal, ó que se viu ceibo, correu a lavar a cabeza luxada por aquela boca noxenta. Pero baixaba do monte coas orellas baixas, porque non valera para nada deixarse lamber, a carón de Brito, o irmán preso e aínda vivo. En chegando á aldea, sen compañeiro e sen o dente mortífero, algúns veciños botáronlle a loia de que, co medo, nin sequera chegara a entrar na cova da *Serpe de Mal Acordar*. O resto calaron con silencio implacable. O medo rebaixa ante os valentes pero, ante os que nunca tiveron que demostrar se eles daban sido valentes, é unha vergoña inextinguible. Por unhas e por outras, dende aquel día algúns veciños obrigárono a andar cun carapucho violeta que tornase a admiración en descrédito. Pero ese descrédito non lle quitaba a luz dos grandes que mantiña na testa. E con esa luz descifrou Guendal o misterio das trabes de ouro, atopando unha que enriqueceu a tribo; atopou tamén a orixe de pedras milenarias; descifrou a eficacia terapéutica de plantas curadoiras.

Tempo andando, morreu o Príncipe e os druídas, buscando sucesor, pesaron a alma de Guendal. Nun prato puxeron a trabe de ouro, as pedras desveladas, as plantas curadoiras, a morte da balea que acababa co peixe, e todo o resto. No outro, o carapucho violeta do medo suposto. E os pratos quedaron en equilibrio pasmante. Falou o Druída Maior e díxolle a Guendal:

*-Volve onda a túa xente e, se eles che quitan o carapucho, quitado está e poderaste sentar como Príncipe.*

Pero Guendal botoulle terra ó conto e non falou palabra. Nin houbo quen descubrise, mentres el viviu, que, cando a *Serpe de Mal Acordar* rondaba as casas cacheando por Primael, o desaparecido, Guendal tiñao agachado na súa casa coma unha toupa. Nin houbo quen recoñecese a Primael, cando a Serpe volveu prende-lo sono e Guendal o deixou saír do seu tobo, porque Guendal de Amaro, polo si ou polo non, cambiáralle a cara con artes antigas que só el sabía. Nin contou nunca Primael onde estivera todo ese tempo, porque Guendal así llo mandara. A garrida muller, que fora rapariga belida, dicíalle a Guendal que o silencio voluntario do ofendido é auga que mata o lume da ofensa que queima e fai nacer na borralla a rosa espiñada da paz, porque só os valentes saben morde-la lingua.

58

## Papiro 20

E o druída apañou unha landra dun carballo cerquiño e meteulla na man a aquela nai que vira morre-los seus dous fillos a man dos soldados con saias, que vira espeta-lo ferro impío no peito do seu home, mozo da súa dourada mocidade, que vira levar presas as súas tres fillas para esmorga dos guerreiros das máquinas que cuspen lume bravo nas nosas pallozas; que esperou que os bárbaros llas devolvesen, sequera maltreitas; que esperou horas e soles e lúas entre paredes descolmadas e chamuscadas, coma tambores sen pel. O silencio do terror gardoulle a compañía do seu pai eivado das pernas e do meniño pequeno que botou tres días sen dar un chío, miña xoia, agachado entre dúas pedras. Sonárase que os guerreiros das saias traían orde de non deixar con alento un macho para a semente.

Minguóuselle o corazón ó druída do Castro Feliz, a onde nunca inimigo chegara, cando escoitou tristura tan grande, cando viu escurecida a fe na mirada bravía daquela muller que en poucos días aprendera canta ansia de matar enveleña por veces o aire que nos mantén en pé. E díxolle:

*Os teus, coma follas outonizas, que caen despois de recibiren e daren vida á árbore, xa van alá. Os teus, coma soldados que acabaron de servir, volveron á casa dos deuses. Pero a túa milicia aínda segue, porque a ti, muller, danche os deuses máis tempo en aluguer. O Espírito do Carballo empreñoute de tempo, de calma, de fe. Refai o teu niño, muller; refai o teu niño, que o pobo novo buliga.*

*Cando queima o sol da desgracia, hai que deixalo pasar, como fan as ovellas, que meten as testas espidas baixo o ventre da compañeira e alí á sombra que unhas lles fan ás outras manteñen a cabeza fresca e esperan que pase o sol coa súa xostra para volveren a pacer. Deixa pasa-lo sol da desgracia, muller, déixao pasar.*

*Mira para a landra que che puxen na man. Pero non mires cos ollos que apalpan, que así nada non ves. Tes que mirar cos ollos que desexan. Os ollos que*

58

Este papiro leuse por primeira vez o día 2.9.1995 en Caritel, na Casa de Lopo, na sobremesa dun xantar que os petrucios Maruja Lopo e Xesús Fernández e as súas fillas Didí e Susa cos seus homes e fillos ofrecemos a amigos como Ramón Castromil e Pepiña e a Paco Del Riego, Sixto Seco e Fina Da Silva, Bieito Ledo, Xosé M<sup>a</sup> Fonseca, Xan Fonseca, Marisa Á. Santamarina e Xosé González Paulino Novo, coas súas respectivas esposas e que quedou na memoria daquela casa e familia como un día inesquecible.

*apalpan non ven máis có que hai hoxe. Os ollos que desexan albiscan moi lonxe e dan creado o mañá.*

*Non todos teñen a ollada profunda do mascato que de moi alto atopa o xureliño, nin a do miñado que enredando coas nubes atopa o bichoco entre a herba, nin a do lagarteiro que dende moi alto cae sen marrar sobre o lixeiro lagarto, nin a do arroás que detecta a sardiña a distancia increíble.*

*Ti, por seres muller, tamén te-la ollada profunda. Os teus ollos son coma os do mascato. Os teus ollos son coma os do miñado. Os teus ollos son coma os do lagarteiro. Os teus ollos son coma os do arroás. Só tes unha belida; várreche a vista o odio de nai destrozada, estás asañada porque che andaron no niño. Pero o odio é unha belida, muller, que non che deixa ver como ti tes que ver. O niño refáise con paciencia, ternura e fe. E ti viñeches de tan lonxe onda min, porque os teus ollos piden futuro; porque te-la ollada profunda do mascato, a do miñado, a do lagarteiro, a do arroás. E, se os teus ollos piden futuro, é porque o hai e ti halo dar visto, creado, gozado. Abre os ollos que crean, muller, abre eses ollos. Esta landra que che dou vaiche tira-la belida do ollo. Esta landra pequena de carballo cerquiño ten dentro unha carballeira enteira. Mira para ela e verás primeiro un gomiño humilde que podes pisar pero que en poucos anos se volve vara correosa e máis para diante desenvolve as pólas, as toradas robustas, a mol verduxe do chan, a música do vento nas follas, os mozos en baixo namorando á sombra, os paxaros enriba facendo o niño, as follas que na outonía caen bombeándose no vento, as pólas espidas no inverno, e na primavera revestidas de gomariza, as farturentas e fértiles landras do verán, e, claro, o pan e as papas que facéde-las nais. Pero tamén están, se ti ben reparas, a porta da casa, a trabe e o sobrado, o caxato do vello e os rachóns para o lar. Todo está nesa landra pequena. Todo nela volve a empezar.*

*Os teus, coma follas outonizas que caen despois de recibiren e daren vida á árbore, xa van alá. Os teus, coma soldados que acabaron de servir, volveron á casa. Pero a túa milicia aínda segue, porque a ti, muller, danche os deuses o tempo en aluguer. O Espírito do Carballo empreñoute de tempo, de calma, de fe. Refai o teu niño, muller; refai o teu niño, que o pobo novo buliga.*

*Agarima esa landra pequena. Un pobo novo agroma aí xa. Todo está nesa landra pequena. Todo nela volve empezar.*

*O que importa é ter claro a onde imos. O que importa é saber esperar. Refai o teu niño, muller; refai o teu niño.*

Nestas, unha labandeira de rabo branco pasou entre os pes da muller buscando na terra algo que levar á boca. Repararon os dous en que o paxaro non tiña o rabo negro dos agoiros cativos senón o rabo branco dos agoiros felices e tomárono a sinal que lle mandaban os seus defuntiños de que tiña que crer na profecía da landra do carballo cerquiño

[... seguen unhas liñas ilexibles ... ]

E volvendo ós seus pardiñeiros por camiños agachados e matinando no niño asañado, nas ovellas que protexen dos queimazos do sol a testa espida .. .

[aquí o papiro está escalazado e falta o final dunha narración á que non lle vexo continuación en ningún dos outros papiros aínda inéditos. Só dou lido tres palabras *tempo*,

*preñez e unidos*, que, en calquera caso, estaban en liñas distintas e que verosimilmente non formaban parte da mesma frase].